Tamén é preciso evitar a introdución en Galicia de produtos cárnicos de gando porcino ou xabaril orixinarios dos países de risco, e no caso de facelo, asegurarse de que estes produtos ou os seus restos non son utilizados na alimentación dos porcos nin son eliminados en lugares aos que teñan acceso os xabaris.

Con todo, débese evadir a realización de actividades cinexéticas nos países afectados, e no caso de seren materializadas, evitar traer produtos animais de cacería e garantir unha adecuada limpeza e desinfección de todos os materiais que podan servir de fonte de contaxio.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que promova un aumento dos controis nas entradas do gando porcino na nosa Comunidade, incluídas as que teñen orixe en Portugal, así como intensificar as campañas de prevención e as medidas de *bioseguridade* das nosas explotacións”.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/10/2021 13:07:48

María Elena Candia López na data 25/10/2021 13:08:07

Daniel Vega Pérez na data 25/10/2021 13:08:24

Rubén Lorenzo Gómez na data 25/10/2021 13:08:40

Raquel Arias Rodríguez na data 25/10/2021 13:08:54

José Antonio Armada Pérez na data 25/10/2021 13:09:13

Cachafeiro Anta, Belén na data 25/10/2021 13:09:33

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 25/10/2021 13:09:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Ana Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

Galicia é unha das principais comunidades produtoras de pataca, incluso baixo unha certificación de calidade: o selo da Indicación Xeográfica Protexida “Pataca de Galicia”, que supera os 70 produtores, 10 almacenistas e case que 300 hectáreas de superficie cunha produción controlada de máis de 9.000 toneladas e case 6.000 toneladas de produción comercializada, cun valor económico estimado preto aos 6 millóns de euros.

Neste sentido, a coñecida coloquialmente como “couza guatemalteca”, nome científico *Tecia solanivora*, é un organismo nocivo de corentena cuxa afectación é exclusiva dos tubérculos da pataca, representando unha problemática para este tipo de producións.

Este organismo xorde arredor de 1970, como o seu propio nome indica, en Guatemala, sendo estendido a través de América Central ata América do Sur, de forma que se atopa presente en gran parte de América Latina.

A estes efectos, a contención e erradicación deste organismo vén regulada pola Directiva 2000/9 do Consello, establece as medidas de protección contra a introdución e propagación da *Tecia solanivora* ao longo do territorio europeo.

Regulamento adaptado á lexislación estatal a través do Real Decreto 58/2005 e posteriormente 197/2017, de 3 de marzo, polo que se establece o *Programa nacional de control e erradicación* deste organismo.

Este Programa foi calcado á realidade da nosa Comunidade coa finalidade de controlar á couza ata a súa completa erradicación. Neste sentido, coa evolución do organismo desde a súa aparición na provincia de A Coruña, fóronse redefinindo as zonas

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



infestadas para adaptalas ao territorio, ampliándoas, se fose o caso, a todo o termo municipal.

Ao respecto, os datos do seguimento deste organismo amosan como a súa presenza foi reducida, rexistrándose un avance significativo na súa contención, previa á erradicación.

Neste sentido, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que traslade ao Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación a petición para que permita a plantación de patacas en aqueles concellos cun número insignificante de positivos e delimitar as zonas de prohibición á parroquia ou parroquias afectadas pola couza guatemalteca.”

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/10/2021 09:56:55

María Elena Candia López na data 26/10/2021 09:57:13

Daniel Vega Pérez na data 26/10/2021 09:57:38

Rubén Lorenzo Gómez na data 26/10/2021 09:58:03

Raquel Arias Rodríguez na data 26/10/2021 09:58:16

José Antonio Armada Pérez na data 26/10/2021 09:58:34

Cachafeiro Anta, Belén na data 26/10/2021 09:58:51

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 26/10/2021 09:59:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Carmen Aira Díaz** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lu-611 é unha estrada da Xunta que discorre dende Rubián ata a vila de Taboada seguindo o decorrer do antigo camiño real. É unha vía importante de comunicación entre a comarca da Ulloa coa chaira do Val de Lemos e tamén coa comarca de Sarria.

O estado do firme é calamitoso polo menos no tramo que vai dende Rubián no Concello de Bóveda ata Currelos no Concello do Saviñao, o que na práctica supón que haxa localidades que queden incomunicadas entre si e coas zonas mencionadas.

Dende o goberno da Xunta prometeuse o amaño desta vía en numerosas ocasións sen que o resultado se poida observar como óptimo en ningún caso. Dende o 2007 son recorrentes as promesas que se remontan ao 2001.

No seu momento fóronse amañando menos de 20 km que separan Taboada de Currelos, estando o resto nun estado que se podería cualificar como intransitable e que de feito deixa illadas diversas localidades do interior de Bóveda e O Saviñao, como pode ser Rebordondiego ou outras.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É hora 22 anos despois das primeiras promesas que a poboación da zona conte cunha vía de comunicación en condicións, sendo imposible fixar poboación nos pobos afectados, precisamente polo illamento que supón non poder saír deles cun firme en boas condicións, xa non digamos unha hipotética mellora do trazado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta o goberno da Xunta de Galiza a ocuparse do mantemento e conservación da estrada LU-611 que verteбра as comunicacións entre o Concello de Bóveda, o do Saviñao e o de Taboada, xa que leva máis de 20 anos sen atención e a que isto se faga con carácter urxente, así como á mellora do trazado a medio prazo.”

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 26/10/2021 16:42:22

Xosé Luis Bará Torres na data 26/10/2021 16:42:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a situación do servizo de Cirurxía Pediátrica no CHUS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de máis dunha década de recortes de dereitos e recursos na sanidade pública, as consecuencias son máis que notorias. Exemplo disto é o que está a acontecer no servizo de Cirurxía Pediátrica do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela.

Este servizo presta asistencia ás pacientes pediátricas tanto da propia área sanitaria de Santiago e Barbanza, coma as da área de Pontevedra. Actualmente, conta con tan só cinco facultativas, tralo recente traslado dunha delas a outra área e pola renuncia doutra profesional motivada pola situación de precariedade. Destas cinco cirurxiás, tan só tres realizan gardas actualmente. Esta grave situación de falta de persoal ten, precisamente, unha consecuencia palpable na xornada extraordinaria, ao teren as profesionais quendas de garda cunha cadencia moi próxima que non permite o necesario descanso entre cada unha delas.

Estas profesionais están a día de hoxe soportando xornadas laborais excesivas, tanto para atender as operacións programadas coma as intervencións urxentes, que se





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

agravan ao ter que prestar asistencia a intervencións con alto grado de complexidade que poden chegar a requirir a presenza de dúas cirurxiás.

Estas xornadas laborais maratonianas agrávanse durante os períodos vacacionais como foi o do verán, pois o servizo mantívose con unicamente dúas facultativas dispoñíbeis para realizar todas as gardas ao estar a terceira no seu período de descanso. Dada a circunstancia exposta anteriormente, na que se poden chegar a requirir dúas especialistas durante algunhas intervencións, pode chegarse á situación na que non existe ningún descanso para estas traballadoras por enlazar gardas de xeito consecutivo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1º. Aumentar o cadro de persoal de facultativas do servizo de Cirurxía Pediátrica do CHUS para que a obriga de prestar asistencia sanitaria continuada non se execute a través do recorte de dereitos das traballadoras.

2º. Realizar un informe no prazo máximo dun mes no que conste a lista de espera da actividade cirúrxica pediátrica pendente nas áreas de Santiago de Compostela e Pontevedra.

3º. Realizar a convocatoria para a provisión da xefatura do servizo de Cirurxía Pediátrica no menor prazo posible dando cumprimento á normativa vixente.”

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Iria Carreira Pazos
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 26/10/2021 17:04:05

María Montserrat Prado Cores na data 26/10/2021 17:04:13

Olalla Rodil Fernández na data 26/10/2021 17:04:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **María González Albert** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Está a punto de rematarse a negociación da PAC, encontrándose xa pechadas as negociacións das CCAA e o MAPA a respecto do Primeiro Pilar e a punto de rematar as correspondentes ao Segundo Pilar.

Como vostedes saben é fundamental que cheguen estes fondos a Galiza e se distribúan ben, non sendo o diñeiro correspondente ao desenvolvemento rural unha cuestión menor que debería para darlle un auténtico pulo para crear un tecido socioeconómico e demográfico sólido.

Para isto é fundamental que o uso dos fondos europeos se faga na cantidade necesaria e co criterio correcto, xa que parece que o baleirado do rural non se detén e será probable chegar a non moito tardar a un nivel de non retorno e polo tanto a unha situación insalvável.

Nos últimos anos o feito de reducir o número de GDRs e amplialos fixo que se desdebuxaran as posibilidades de achegarse ás necesidades reais da poboación que remata facendo gastos para crear “servizos” de dubidosa utilidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outra cuestión de gran calado é a inversión que fai a Xunta de Galiza con respecto ao cofinanzamento ao que está obrigada por Europa que ata o de agora se situou no mínimo requirido, o que non denota o interese da Xunta polo mantemento dun rural vivo.

É imprescindible que dende a Consellería se dea un pulo real ao desenvolvemento rural como garantía para a pervivencia dos modelos produtivos, territoriais, paisaxísticos autóctonos. Para conseguir isto requírese dun plan serio de desenvolvemento rural para este novo período da PAC 23-27. Consideramos que este plano debe de contar con tres eixos básicos de intervención dende o punto de vista do desenvolvemento rural, o sector agroalimentar, os servizos básicos e a fixación de poboación e a diversificación económica. Trataremos o primeiro dos puntos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a elaborar, orzamentar e pór en práctica o Plan de Desenvolvemento Rural para Galiza cofinanciado cos fondos FEADER. Un plan que ten que mostrar o compromiso orzamentario do goberno galego co desenvolvemento rural, para o que é imprescindible comprometer unha porcentaxe de fondos propios superior ao mínimo esixido pola normativa comunitaria. Porcentaxe que debe ser superior en cando menos 10 puntos porcentuais á porcentaxe de cofinanciación mínima esixida para FEADER para o sector agroalimentar para:

1. O afortalamo das explotacións familiares, de modo que practiquen unha agricultura sustentable, que dependa menos de insumos externos. Debe ter se en conta a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gandería extensiva, a agricultura ecolóxica incluíndo renovación do plan estratéxico para o sector.

2. A activación da economía do rural orientándoa a producir alimentos de calidade, consolidando un tecido empresarial que permita a transformación dos produtos do sector agrario.

3. O impulso a novas cadeas de comercialización, especialmente no que se refire aos mercados de proximidade.

4. Garantir o asesoramento público a través das oficinas agrarias comarcais, que estarán dotadas do persoal necesario para a abordaxe do asesoramento.

5. Favorecer a incorporación da mocidade pondo terra agraria á súa disposición, prestándolles asesoramento técnico público e apoio financeiro.

6. Inclusión de medidas dirixidas a modificar a visión negativa que sobre o sector agrario ten o conxunto da sociedade. Precisamos non só de dinamizar esta actividade senón tamén de prestixiala socialmente.

7. Establecer un plan de formación e profesionalización de todos os sectores produtivos primarios, cun seguimento e titorización específico para as novas incorporacións de mozos e mozas no rural.

8. Incentivar o cooperativismo e apoiar ás microempresas.

9. Apoiar a I+D+i no sector agroalimentar.”

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Maria González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 26/10/2021 17:37:19

María González Albert na data 26/10/2021 17:37:28

Xosé Luis Rivas Cruz na data 26/10/2021 17:37:36

Ana Pontón Mondelo na data 26/10/2021 17:37:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert e Carmen Aira Díaz** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**, sobre a protección da propiedade colectiva das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común no dominio marítimo-terrestre.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (ORGACMM) ten trasladado ao BNG a súa fonda preocupación pola situación que se está a xerar ante as actuacións levadas a cabo desde as Xerencias Territoriais do Catastro que atentan directamente aos intereses das comunidades de montes.

Así, as oficinas territoriais ou xerencias están a remitir comunicacións aos órganos directivos das comunidades de montes informando de que os terreos propiedade da comunidade, terras de monte veciñal en man común, situadas dentro da demarcación marítimo-terrestre pasan a considerarse de titularidade do Estado.

Aínda que nos escritos remitidos o Catastro concede un prazo de alegacións, as resolucións estanse a demostrar inamovíbeis, o que equivale a unha incautación ou expropiación encuberta destas terras de propiedade colectiva que funcionan en beneficio da comunidade.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para a toma destas resolucións Catastro ampárase no artigo 9 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas que establece que non poderán existir terreos de propiedade distinta da demanial do Estado en ningunha das pertenzas do dominio público marítimo-terrestre, nin aínda no suposto de terreos gañados ao mar ou desecados na súa ribeira.

En primeiro lugar cabe destacar que o artigo citado trata por igual a todo tipo de propiedades. Sen embargo, desde o BNG entendemos que no momento actual deberíase afrontar unha revisión do mesmo para permitiren que na zona de dominio público marítimo-terrestre, que como indica o seu nome debe ser de titularidade pública, poidan coexistir outras titularidades que respecten ese carácter demanial e non privado.

Así, propónse a posibilidade de permitiren a titularidade municipal ou autonómica, non só a estatal como se reclama en moitos concellos costeiros, máis tamén, neste caso, a titularidade colectiva ou veciñal, en beneficio da comunidade que, aínda que tratada como privada habitualmente, ten características diferentes.

Non é en ningún caso axeitada a equiparación dos montes veciñais en man común a bens de titularidade privada pois a súa natureza é colectiva tal e como reconece o artigo 3 da vixente Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Polo tanto, e recollendo as reclamacións da ORGACCMM, entendemos que non deberían ter encaixe legal nas detencións privadas, senón seren considerados como propiedades colectivas como corresponde á súa natureza e réxime xurídico.

En ningún momento o mantemento da titularidade pública ou colectiva afectaría á obriga de respectar os límites que a Lei de Costas establece neste momento ao respecto das actividades a desenvolver na zona de dominio público marítimo e das preceptivas autorizacións da Demarcación de Costas.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É importante neste sentido lembrar que a normativa de costas actual xa permite manter os dereitos de uso e aproveitamento, polo que sería perfectamente posíbel manter este aspecto mais respectando a titularidade das comunidades de montes.

En segundo lugar temos de lembrar que a pesares de que a previsión do artigo 9 foi publicada en 1988, tras a aprobación a Lei de Montes Veciñais en Man Común procedeuse a inscribir e rexistrar propiedades a nome desas mancomunidades incluíndo os terreos afectados pola zona de dominio público marítimo-terrestre, probándose así a compatibilidade de manter a titularidade e o respecto da normativa que impón restrinxir os usos nesas zonas afectadas.

Tamén pode alegarse a favor da reforma legislativa que permita conciliar ambas titularidades que a necesaria protección que se dá a outros bens público-demaniais como son as bacías fluviais ou humidais, por exemplo (que poderían ser equiparábeis) non impide a titularidade sobre eses terreos mais si que limita os seus usos.

Desde o BNG entendemos que é preciso revisar a lexislación vixente para que recolla de xeito clara a realidade: a existencia de montes veciñais en man común como unha forma colectiva de propiedade, non equiparábel á pública nin á privada, de marcado carácter xermánico.

A Xunta de Galiza non pode ficar alleo a este ataque por parte de Catastro a unha forma de propiedade propia de Galiza xa que ten unha responsabilidade na defensa deste modelo de propiedade comunitaria que ten unha importancia capital no noso país no que ocupan aproximadamente unha cuarta parte do territorio: máis de 700.000 hectáreas xestionadas por 2.800 comunidades de montes. Un volume que proba que estas comunidades son un sinal de identidade e da cultura galegas, ademais dun motor económico e produtivo decisivo. Este tipo característico e diferenciado de copropiedade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

colectiva, cuxas características se teñen mantido e teñen evolucionado en Galiza desde tempos inmemoriais, ha de ser preservado, mantido e protexido.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Promover con urxencia medidas de apoio e asesoramento ás Comunidades de Montes en Man Común de Galiza afectadas polas notificacións de Catastro referidas á titularidade dos montes en dominio marítimo-terrestre.

2. Demandar do Goberno de España que inicie os trámites precisos para proceder a reformar o artigo 9 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, para que as titularidades de carácter comunitario como son os montes veciñais en man común poidan existir legalmente dentro da zona de dominio público marítimo-terrestre e do deslinde de costas, sometidas en todo caso aos límites de uso e autorizacións que se consideren necesarias.

3. Demandar ao Goberno de España que promova tamén a modificación do artigo 338 do Código Civil para recoñecer de xeito expreso a propiedade de carácter colectivo ou comunitario, como a que se dá nos montes veciñais, á par dos bens de dominio público e a propiedade privada.”

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: María González Albert

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 27/10/2021 09:31:42

María del Carmen Aira Díaz na data 27/10/2021 09:31:55

Xosé Luis Rivas Cruz na data 27/10/2021 09:32:02

Ana Pontón Mondelo na data 27/10/2021 09:32:08



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Luís Manuel Álvarez Martínez, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

Hai máis de quince anos a Xunta de Galicia pechou a Escola Balinfra, que estaba situada na parroquia de Camos no Concello de Nigrán.

O edificio foi construído hai máis dun século para fogar dos profesores e consta dunha construción 339 metros cadrados divididos en dúas vivendas encostadas. Cada unha destas dúas casas ten 80 metros cadrados de planta, dúas plantas e un xardín, nunha parcela de 2.789 metros cadrados. Así mesmo, a escola infantil á que estaba vinculada xa non cumpre esta función e por este motivo o anterior goberno socialista solicitara en 2010 á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a desafectación do seu uso docente, concedéndose o 15 de marzo de 2015 e permitindo así ás escolas servir para albergar a asociación cultural VaiMillor ou ao grupo de pandereiteiras da Asociación Cultural A Camoesa.

O concello solicitou a reversión dos edificios e conseguiu facerse coas aulas, que agora albergan actividades veciñais e culturais, e unha das dúas casas do complexo, que foi reformada cun dobre obxectivo: albergar os programas de respiro familiar do centro de atención á diversidade funcional Juan María e poder trasladar en caso de emerxencia a veciños que ocasionalmente quedan sen fogar.

O Goberno municipal de Nigrán solicitou que a única vivenda pública que queda neste concello da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, reservada para vivenda de profesores, sexa cedida a Administración local para darlle un uso social, como todas as demais do municipio que no seu día foron fogar dos profesores das antigas unidades e que hoxe albergan todo tipo actividades veciñais, recreativas, culturais e incluso terapéuticas.

O Concello de Nigrán a día de hoxe está en condicións de documentar ante a Xunta de Galicia que a casa está sen uso porque o seu consumo eléctrico segue practicamente inalterado, as persianas baixadas, a finca está en estado de crecente



abandono e o peche perimetral derrubado, o que contradí as reiteradas respostas da Administración autonómica afirmando que está ocupada.

O Goberno municipal tomou a iniciativa de acreditarlo documentalmente desde novembro de 2020 á actualidade para tratar de desbloquear esta situación que prexudica ao municipio e indigna á veciñanza.

O pasado mes de marzo o Concello de Nigrán reclamou oficialmente á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a desafectación da casa dos mestres da escola unitaria de Camos.

Entendemos que se dan as previsións establecidas no artigo 6 do Decreto 250/1988, do 21 de xullo, polo que se regula o dereito a casa-habitación destinada a profesores de Educación Xeral Básica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a petición dos Concellos, poderá declarar a desafectación das vivendas cando estas non sexan necesarias para o que foron afectadas e sempre que no dito edificio non funcione unidade ou unidades escolares e que de igual maneira poderán desafectarse aquelas vivendas que excedan do cadro de persoal dos mestres da localidade en función das necesidades de escolarización.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Consellería de Cultura, Educación e Universidade á aplicar as previsións contempladas no Decreto 250/1988 e proceder conforme á petición do Concello de Nigrán, á desafectación do seu uso docente da única vivenda dos mestres pendente, para que deste xeito a Administración municipal poda darlle un uso social.

Pazo do Parlamento, 27 de outubro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Luís Manuel Álvarez Martínez
Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez





Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 27/10/2021 15:30:12

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/10/2021 15:30:21

Noa Susana Díaz Varela na data 27/10/2021 15:30:31

Noelia Otero Lago na data 27/10/2021 15:30:44

Gonzalo Caballero Míguez na data 27/10/2021 15:30:52



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Os orzamentos de Galicia para 2022 manteñen dentro das súas contas a dedicación do Sergas de máis de 700 mil euros para a contratación de 52 capeláns dentro do sistema sanitario público de Galicia. Esta situación, que se ven repetindo dende hai moito, resulta a todas luces insostible tanto dende un criterio político como, incluso, de forma laboral.

Politicamente resulta inasumible que o sistema público de saúde manteña no seu orzamento, e especialmente referidos dentro do cadro de persoal, 52 capeláns que xeran un gasto de 721.137,82€ entre salario (con pagas extra) e complementos, e ao que hai que engadir o custe social dos contratos. O sistema sanitario precisa de profesionais sanitarios, e especialmente cando existen aínda déficits en numerosas categorías. De maneira engadida, cando o orzamento para Atención Primaria descende, sube a aportación para os sacerdotes no Sergas, o que alimenta a incredulidade.

En termos laborais, durante o ano 2021 foi coñecida a reivindicación dalgúns destes sacerdotes de ser recoñecidos como persoal propio do Sergas. Esta situación permitiu aclarar vía xudicial que esta situación de pago a capeláns era unha “irregularidade” que contemplaban os orzamentos sanitarios, como sinalou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Lonxe de resolver esta situación, os orzamentos 2022 pretenden elevar incluso a aportación, mantendo a formulación “irregular” e facendo ouvidos xordos a toda advertencia. Cabe sinalar que a reclamación dos capeláns permitiu coñecer algunha realidade da súa labor, como que o fan “con bata branca” (como fan os e as profesionais do sistema sanitario) ou se benefician de vantaxes como o resto de profesionais (comedor, aparcamento, teléfono, acceso á rede interna de información, etc.). Seguen se coñecerse as condicións e criterios de contratación, a dispoñibilidade de espazos dentro dos propios centros sanitarios ou a súa labor dentro de ditos centros (protocolos de funcionamento, inserción nas xerarquías de acción, etc.).



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a retirar as partidas dedicadas a capeláns no sistema sanitario público de Galicia.

Pazo do Parlamento, 27 de outubro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/10/2021 15:35:24

Marina Ortega Otero na data 27/10/2021 15:35:33

Gonzalo Caballero Míguez na data 27/10/2021 15:35:44





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Pantón, ó sul da provincia de Lugo, conta con 2.500 habitantes distribuídos en 26 parroquias e 297 entidades de poboación en 147 km². Contaba cun centro de saúde con 4 facultativos e por distintas causas está en risco de quedar con 2, como proba que haxa unha médica sen cubrir dende xullo e outro a punto de xubilarse.

Unha poboación dispersa cunha elevada media de idade moi alta xa que case o 60% dos seus habitantes pasan dos 65 anos, é por tanto un concello extremadamente avellentado. Este feito supón que inevitablemente precisarán facerse moitas visitas domiciliarias calculando un mínimo de 30 minutos por cada unha, o que suporía deixar ao centro de saúde cun facultativo só para facer o traballo ordinario e atender calquera emerxencia que se de no propio centro, porque se esta se dera fóra non podería atendela sen abandonar o centro.

Suporía a maiores a merma da calidade asistencial, sendo imposible implantar os distintos programas de atención programada a pacientes crónicos, ou outros, quedando a asistencia sanitaria neste centro para a atención a demanda exclusivamente.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Todo isto únese ao que se escoita constantemente sobre a atención primaria, na que non hai dúbida de que se vai instaurando un constante deterioro por falta de substitucións das ausencias do persoal facultativo e por outra banda o discurso da consellería sobre a imposibilidade de conseguir fixar profesionais na atención primaria sen que se tome ningunha outra medida.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a manter unha atención sanitaria de calidade no Centro de Saúde de Pantón, para o que é preciso que repoña a totalidade do persoal facultativo á maior brevidade para manter completa a carteira de servizos e en igualdade con outras persoas usuarias de outros concellos en canto a proximidade e accesibilidade.”

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 28/10/2021 09:49:15

María Montserrat Prado Cores na data 28/10/2021 09:49:23

Iria Carreira Pazos na data 28/10/2021 09:49:30

Olalla Rodil Fernández na data 28/10/2021 09:49:42



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Tras a pandemia derivada da Covid-19 as deficiencias nas residencias fixéronse transparentes en gran medida para o resto da sociedade. Dende o Grupo Socialista fixéronse numerosas propostas, antes e durante a pandemia, e seguiremos a traballar nun asunto que ten que ser central nas políticas sociais en Galicia.

Por todo elo, solicitamos ao Goberno galego, en numerosas propostas, que incrementaran significativamente o número de técnicos de inspección de política social para blindar a supervisión, así como a necesidade de blindar as condicións laborais do sector, tendo en conta non só a necesidade de mellora nas condicións salariais e normativas, senón tamén as funcións competenciais das traballadoras e a necesidade de garantir a rateo establecida por norma.

Fai uns días o comité de empresa de Política Social denunciaba na Coruña supostas irregularidades no ámbito competencial das traballadoras. En concreto, denuncian que ás auxiliares de enfermaría das residencias obrígaselles a facer funcións propias de enfermaría. De ser así, confirmaría numerosas denuncias que o propio sector de traballadoras do ámbito das residencias leva denunciando durante anos.

Consideramos urxente que o Goberno galego a través da Consellería de Política Social, informe sobre o acontecido con ditas traballadoras. Xa que, de ser así, habería responsabilidades que dirimir.

En concreto o comunicado fai referencia ás residencias de Caranza-Ferrol e de Oleiros, onde segundo as traballadoras do sector, se lles está a obrigar ás auxiliares de enfermaría a exercer funcións para as que é obrigatorio ter a titulación en enfermaría. En concreto fan referencia ás funcións de preparación de medicamentos.



Unha cuestión tan relevante para a boa seguridade e coidados das persoas maiores, tendo en conta que Galicia é unha das CCAA que maior número de prazas residenciais privadas e menor número de técnicos de inspeccións para supervisalas ten, é urxente que a Xunta de Galicia de conta da situación neste ámbito.

Neste contexto, e tal como solicitamos en numerosas ocasións dende o Grupo socialista, é urxente tratar as liñas concretas do novo modelo de coidados que demanda con urxencia á propia sociedade galega, tendo en conta que é unha das CCAA con maior porcentaxe de envellecemento.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, a través da Consellería de Política Social, informe no Parlamento sobre o exercicio de competencias profesionais que exercen as profesionais das residencias de maiores en Galicia, despois do comunicado emitido polo comité de empresa de política social, indicando que obrígase a exercer funcións propias de enfermaría ás auxiliares.”

Pazo do Parlamento, 27 de outubro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela Marina Ortega Otero
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 27/10/2021 17:47:10

Julio Torrado Quintela na data 27/10/2021 17:47:40

Gonzalo Caballero Míguez na data 27/10/2021 17:47:57





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, sobre a reclamación de REGANOSA contra o Concello de Mugaros polo pago do IAE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O alcalde do Concello de Mugaros ven de facer público que a empresa REGANOSA presentou unha reclamación xudicial contra o Concello, demandando o que a empresa considera pagos indebidos en concepto do tributo IAE.

O propio alcalde manifesta tamén publicamente a súa preocupación polo montante da reclamación, próxima aos 6 millóns de euros, así como pola paralización de certos investimentos e colaboracións económicas da empresa que viñan sendo habituais no concello.

Salienta a difícil situación económica na que se atoparía o Concello de Mugaros de ter éxito esta reclamación, xa que a cantidade reclamada equivale ao orzamento anual do Concello. E salienta tamén a parálise de eses investimentos e colaboracións, como medida de presión para conseguir do Concello o pago das cantidades reclamadas.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero unha das cuestións que máis chama a atención, que máis preocupación e indignación ten provocado no Concello de Mugardos é a ameaza de tributar a partir de agora en Madrid.

Nin que dicir ten que esta indignación trae causa en dous feitos públicos e notorios, primeiro, o feito de ter a empresa a súa sede e o centro principal de actividades no Concello de Mugardos, e o segundo, o feito de ter a Xunta de Galiza unha porcentaxe importante do capital social da empresa.

É dicir, os veciños e veciñas do Concello de Mugardos, e de toda a contorna da ría, non so conviven cos riscos asociados á realización da actividade propia da gaseira, senón que ademais son co-partícipes, a través da Xunta, do capital da empresa, e non chegan a comprender, como trasladan a través dos representantes de todos os grupos políticos do Concello, como podería a Xunta de Galiza permitir que a empresa en cuestión poña en risco as contas e o financiamento municipais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento de Galiza aproba por resolución reprobar a actuación da empresa REGANOSA por poñer en risco as contas e o financiamento do Concello de Mugardos, así como as súas manifestacións respecto de efectuar o pago de tributos no Concello de Madrid.

Así mesmo, o Parlamento insta á Xunta de Galiza, en tanto que partícipe do capital social da empresa, a tomar as medidas necesarias para que a sociedade renuncie





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a emprender accións xudiciais contra o Concello de Mugardos, así como a cambiar a lugar onde realice a súa tributación.”

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Noa Presas Bergantiños

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/10/2021 16:12:38

Noa Presas Bergantiños na data 28/10/2021 16:12:54

Daniel Pérez López na data 28/10/2021 16:13:06

Ana Pontón Mondelo na data 28/10/2021 16:13:21





En cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, dou traslado segundo comunica a Consellería de Facenda e Administración Pública, da documentación respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de setembro de 2021.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	2021-TRANSFERENCIA TITULAR DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
REFERENCIA	AD-BC-AM – SEGUNDO REPARTO DE FONDO CONSENSO
ENTIDADE / ORGANISMO	XUNTA DE GALICIA
ÓRGANO XESTOR	GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERÍAS
DATA DE APERTURA	17/09/2021

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

AD-00-004-21

BC-23-005-21

AM-06.A1-002-21

AM-06.A2-003-21

1.1.2. Descrición operación

Adscrición de crédito, por un importe de 28.800.000,00 € no orzamento de gastos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, con baixa de crédito na sección 23 "Gastos de diversas consellerías", como consecuencia da distribución do Fondo Consenso no seo da Comisión non permanente especial para o estudo sobre a reactivación social, económica e cultural de Galicia pola crise da COVID-19 do Parlamento de Galicia.

Como consecuencia do incremento das súas transferencias internas:

Ampliación de crédito por 20.000.000 € no Instituto Galego de Promoción Económica.

Ampliación de crédito por 4.800.000 € na Axencia Galega de Innovación.

1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.2.1. Empregos – ADSCRICIÓN DE CRÉDITO

COD. ENT.	COD.OF.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	PROXECTO	MOD.	IMPORTE
001	01	10.10.422A.632.1	2015.00399	1016	3.000.000,00
001	01	10.10.422M.632.1	2015.00403	1016	1.000.000,00
001	01	06.01.741A.732.05 - IGAPE	2021.00170	1016	20.000.000,00
001	01	06.01.561A.732.07 – GAIN	2021.00032	4190	4.800.000,00
			TOTAL.....		28.800.000,00



1.2.2 Recursos – BAIXA DE CRÉDITO

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	PROXECTO	MOD.	IMPORTE
001	01	23.02.621B.650.1	2021.00093	1016	24.000.000,00
001	01	23.02.621B.650.1	2021.00093	4190	4.800.000,00
				TOTAL.....	28.800.000,00

1.2.2. Empregos – AMPLIACIONES DE CRÉDITO EN AXENCIAS

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	PROXECTO	MOD.	IMPORTE
405	01	06.A1.741A.881.0- IGAPE	2021.00004	1016	20.000.000,00
304	01	06.A2.561A.626.0 - GAIN	2021.00006	4190	1.800.000,00
304	01	06.A2.561A.770.0 - GAIN	2021.00012	4190	3.000.000,00
				TOTAL.....	24.800.000,00

1.2.3. Fundamento normativo

Disposición transitoria terceira da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Orde da Consellería de Facenda, do 1 de agosto de 2019, pola que se regulan os procedementos de modificación orzamentaria e figuras asimiladas no sector público autonómico (DOG núm. 165, do 2 de setembro).

Artigo 85.2.a) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

1.3. INFORME

1.3.1. Exposición

A Disposición transitoria terceira da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, Fondo consenso, establece a creación dun fondo na sección 23 destinado a financiar proxectos de investimento que colaboren a impulsar a recuperación económica compatibles co modelo de crecemento que diseña o Plan Estratégico de Galicia, a partir das transicións ecolóxica e dixital, a innovación e a cohesión social e territorial, que se formulen no seo da Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da COVID-19, no marco do Dialogo social de Galicia ou polo Comité de Expertos Económicos de Galicia

No Boletín Oficial do Parlamento de Galicia publicouse, o 15.07.2021, a aprobación do Ditame da dita Comisión. Nela contéplanse as seguintes actuacións:

SUBFONDO DE APOIO SECTORIAL.....	42.700.000 €
SUBFONDO APOIO Á TRANSICIÓN ECOLOXICA E DIXITAL	26.500.000 €
SUBFONDO APOIO Á INNOVACION	14.800.000 €
SUBFONDO RECUPERACIÓN INCLUSIVA.....	31.000.000 €



Neste segundo expediente repártense as seguintes cantidades:

SUBFONDO DE APOIO Á TRANSICIÓN ECOLÓXICA E DIXITAL	4.000.000 €
Apoiar a eficiencia enerxética e a rehabilitación de edificios públicos da Comunidade Autónoma e do Sistema Universitario de Galicia.....	4.000.000 €
SUBFONDO APOIO Á INNOVACION	4.800.000 €
Impulso a innovación no sector aeronáutico no Polo de Rozas, impulsando un laboratorio 5G e a ciberseguridade das telecomunicacións.....	1.800.000 €
Impulso ao sector biotecnolóxico dirixido a pemes	3.000.000 €
SUBFONDO DE APOIO SECTORIAL.....	20.000.000 €
Investimentos estratéxicos de pemes: fondo de investimento colectivo de tipo pechado, xestionado por Xesgalicia.....	20.000.000 €
O financiamento desta ampliación de crédito é con retención en créditos no capítulo I do Servizo 40 -



Secretaría Xeral de Cultura

8.3.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	14	10.40..432A.12020	Substitucións de persoal non docente	2016.00153	1010	N	9.499,92	0,00

8.3.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	14	10.40..432A.12000	Soldos subgrupo A1	2016.00153	1010	N	9.499,92	0,00

8.4. EXPEDIENTE AB-10.A1-001-21

(Código exp. CODEX AB-2021-2-00200001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	AGADIC (301)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI S

8.4.1. Descrición

AMPLIACIÓN de crédito no capítulo 1, por importe de 18.607,18 € destinados aos seguros sociais dos artistas contratados para as producións teatrais do Centro Dramático Galego.

8.4.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
301	10	10.A1..432B.16000	Seguridade social	2016.00001	1010	N	18.607,18	41.773,18

8.4.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
301	10	10.A1..432B.6401	Inmovilizado inmaterial	2015.00001	1010	N	18.607,18	41.773,18

8.5. EXPEDIENTE AB-10.A1-002-21

(Código exp. CODEX AB-2021-2-00200002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	AGADIC (301)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI S

8.5.1. Descrición

AMPLIACIÓN DE CRÉDITO na aplicación 10.A1.432B.160.25 do proxecto 2021_00001 por importe de 12.196,98€, financiada pola BAIXA na aplicación 10.A1.432B.640.3 do mesmo proxecto, destinada ao pago dos seguros sociais do persoal que se pretende contratar para a xestión e control dos fondos REACT-UE asignados á Axencia Galega das Industrias Culturais para o período 2021-2023, e con cargo a ditos fondos.

8.5.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
301	10	10.A1..432B.16025	S Social. Prog extraor carácter temporal	2021.00001	4190	S	12.196,98	73.181,87

8.5.3. Partidas orzamentarias de orixe



COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
301	10	10.A1..432B.6403	DESENVOLVEMENTO DE PROXECTO REACT	2021.00001	4190	S	12.196,98	73.181,87

8.6. EXPEDIENTE AB-12-005-21

(Código exp. CODEX AB-2021-211-00200003)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Sanidade (001.12)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.12.01)

8.6.1. Descrición

AMPLIACIÓN DE CRÉDITO entre conceptos do capítulo I programa 411A, do estado de gastos do orzamento da Consellería de Sanidade para o ano 2021, por importe de 15.711,94 € co obxecto de facer fronte ao aboamento das nóminas do persoal que realiza substitucións.

8.6.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	18	12.01..411A.12020	SUBSTITUCIÓN PERSOAL NON DOCENTE	2016.00160	1010	N	15.711,94	0,00

8.6.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	18	12.01..411A.12004	SOLDOS AGRUPACIÓN PROFESIONAIS	2016.00160	1010	N	15.711,94	0,00

8.7. EXPEDIENTE AB-12-006-21

(Código exp. CODEX AB-2021-212-00200003)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Sanidade (001.12)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Saúde Pública (001.12.02)

8.7.1. Descrición

AMPLIACIÓN DE CRÉDITO entre conceptos do capítulo 1, programa 413A, do estado de gastos do orzamento da Consellería de Sanidade para o ano 2021, por importe de 184.000 €, con destino a gastos de persoal.

Esta transferencia ten por finalidade dotar crédito suficiente no capítulo I, programa 413A, do orzamento da Consellería de Sanidade, para facer fronte ao aboamento de nóminas do persoal destinado na Dirección Xeral de Saúde Pública ata a finalización do exercicio 2021 que realiza substitucións.

8.7.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	18	12.02..413A.12020	SUBSTITUCIÓN PERSOAL NON DOCENTE	2016.00161	1010	N	184.000,00	0,00

8.7.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	18	12.02..413A.12000	SOLDOS SUBGRUPO A1	2016.00161	1010	N	184.000,00	0,00

8.8. EXPEDIENTE AB-13-014-21

(Código exp. CODEX AB-2021-216-00200002)



ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Política Social (001.13)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Inclusión Social. (001.13.03)

8.8.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de 1.109.700,00 euros na aplicación orzamentaria 13.03.312A.480.1 para financiar as axudas extraordinarias para necesidades básicas da poboación en situación de vulnerabilidade económica agravada pola COVID-19.

8.8.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	13.03..312A.4801	RISGA-AXUDAS COMPLEMENTARIAS A PERSONAS EN SITUACIÓN DE	2021.00080	1013	N	299.700,00	0,00
001	21	13.03..312A.4801	RISGA-AXUDAS COMPLEMENTARIAS A PERSONAS EN SITUACIÓN DE	2021.00080	1016	N	810.000,00	0,00

8.8.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	13.03..312A.4600	PROGRAMA MELLORA DA COORDINACIÓN NA LOITA CONTRA A DESIGUALDADE	2016.00163	1010	N	36.000,00	0,00
001	21	13.03..312A.4802	AXUDAS EXTRAORDINARIAS E DE INCLUSIÓN. PLAN SOCIAL CONTRA A	2016.00163	1016	N	810.000,00	0,00
001	21	13.03..313C.228	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DE CENTROS E SERVIZOS SOCIAIS	2015.00501	1010	N	150.000,00	0,00
001	21	13.03..313C.6260	MANTEMENTO APLICACIÓNS INFORMÁTICAS INCLUSIÓN	2015.00542	1010	N	17.000,00	0,00
001	21	13.03..313C.6401	PLAN DE LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL	2012.00569	1010	N	96.700,00	0,00

8.9. EXPEDIENTE AB-13-015-21

(Código exp. CODEX AB-2021-214-00200010)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Política Social (001.13)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.13.01)

8.9.1. Descrición

Esta ampliación de crédito ten por obxecto dotar de crédito o subconcepto 120.20 de varias aplicacións orzamentarias, por importe de 185.043,82 €, polo aumento de substitucións de persoal funcionario nos centros da consellería.

8.9.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	13.02..312B.12020	SUBSTITUCIÓNS DE PERSOAL NON DOCENTE	2016.00176	1010	N	619,41	0,00
001	21	13.03..311A.12020	SUBSTITUCIÓNS DE PERSOAL NON DOCENTE	2016.00175	1010	N	2.338,49	0,00
001	21	13.04..312D.12020	SUBSTITUCIÓNS DE PERSOAL NON DOCENTE	2016.00180	1010	N	182.085,92	0,00

8.9.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	13.03..311A.13000	RETRIBUCIÓNS BÁSICAS	2016.00175	1010	N	2.957,90	0,00
001	21	13.04..312D.13000	RETRIBUCIÓNS BÁSICAS	2016.00180	1010	N	182.085,92	0,00



9. AMPLIACIÓN/BAIXA

9.1. EXPEDIENTE AB-00-058-21

(Código exp. CODEX AB-2021-171-00100034)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Presidencia da Xunta de Galicia (001.04)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral da Presidencia. (001.04.10)

9.1.1. Descrición

AMPLIACIÓN DE CRÉDITO no capítulo VII do orzamento de gastos da Secretaría Xeral da Presidencia e no capítulo VI do orzamento de gastos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), con correlativa baixa de crédito no capítulo VI, do orzamento de gastos da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, por un importe de 150.000,00 euros, con base no acordo de colaboración de 25/08/2021 para o financiamento do equipamento tecnolóxico preciso para a instalación de salas Gessel na Administración de Xustiza en Galicia.

9.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	27	04.10..131A.73200	Transferencias de capital a Amtega	2015.00634	1010	N	150.000,00	0,00
303	10	04.A1..131A.6260	Equipamentos para procesos de información	2015.00002	1010	N	150.000,00	0,00

9.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	05.22..131A.6260	Instalación das salas Gessel	2021.00013	1010	N	150.000,00	0,00

9.2. EXPEDIENTE AB-00-059-21

(Código exp. CODEX AB-2021-179-00100014)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (001.05)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.05.21)

9.2.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de 99.360,12€ na Vicepresidencia Primeira na partida orzamentaria 05.21.761A.732.12 “Transferencias de financiamento á ATURGA”, con posterior ampliación na ATURGA, na partida orzamentaria 05.A2..761A.7810 “Plan de choque para o reforzo do sector turístico: a familias e institucións sen fins de lucro” e con baixa de crédito na Consellería de Medio Rural na partida orzamentaria 14.05.712A.732.09, “Transferencias de capital para Agader”, e na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) na partida orzamentaria 14.A1.712A.781.0 “Actuacións senlleiras de mellora do Patrimonio Rural”, para dar cumprimento ao compromiso de gasto que se establece no Convenio de colaboración do 7 de xullo de 2021 entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación de Produtores de Conservas de Hortalizas de Mondoñedo para o proxecto senlleiro “Acondicionamento da nave do Camiño de Santiago para a difusión das técnicas artesanais de conservas de vexetais”, orientado ao reforzamento da oferta turística do Camiño de Santiago e da Mellora da estrutura e infraestrutura do territorio para fortalecer o desenvolvemento do rural galego.

9.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	05.21..761A.73212	TRANSFERENCIAS DE FINANCIAMENTO Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	2015.00635	1010	N	99.360,12	0,00

9.2.3. Partidas orzamentarias de orixe



COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.05..712A.73209	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL AGADER	2015.00598	1010	N	99.360,12	0,00
408	10	14.A1..712A.7810	ACTUACIÓNS SENLLEIRAS DE MELLORA DO PATRIMONIO RURAL	2017.00003	1010	N	99.360,12	0,00

9.3. EXPEDIENTE AB-00-060-21

(Código exp. CODEX AB-2021-222-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Concellería do Medio Rural (001.14)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Desenvolvemento Rural (001.14.05)

9.3.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de nove mil euros (9.000,00€) na aplicación orzamentaria da D.X. de Desenvolvemento Rural, da Concellería de Medio Rural, 14.05.712A.732.09, do programa 712A "Fixación de poboación no medio rural", correspondente ás transferencias de financiamento de capital da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), e, polo mesmo importe, na aplicación 14.A1.712A.640.4 de AGADER.

Simultaneamente á ampliación anterior, tramítase unha baixa de crédito por importe de nove mil euros (9.000,00€) na aplicación orzamentaria de Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo 05.21.761A.732.12 do programa de gasto 761A "Potenciación e promoción do turismo", correspondente ás transferencias de financiamento de capital á Axencia Turismo de Galicia (ATURGA), e, polo mesmo importe, na aplicación de ATURGA 05.A2.761A.640.0.

9.3.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.05..712A.73209	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	2015.00598	1010	N	9.000,00	0,00
408	10	14.A1..712A.6404	Inmovilizado vinculado ao desenvolvemento rural	2021.00001	1010	N	9.000,00	0,00

9.3.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	05.21..761A.73212	Axencia Turismo de Galicia	2015.00635	1010	N	9.000,00	0,00
306	10	05.A2..761A.6400	Plan de reformulación do Xacobeo 2021	2013.00004	1010	N	9.000,00	0,00



10. IMPREVISTOS

10.1. EXPEDIENTE TR-23-014-21

(Código exp. CODEX TR-2021-279-00400002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Cultura, Educación e Universidade (001.10)
ÓRGANO XESTOR	D.X. Centros e Recursos Humanos (001.10.31)

10.1.1. Descrición

Transferencia de Crédito por importe de 215.118,84 euros dende o programa de imprevisto e Funcións non clasificadas ao concepto de 131.24 - Acumulación de tarefas de persoal laboral temporal, programa 422M da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, co fin de facer fronte ao gasto derivado do aboamento das retribucións ao persoal como consecuencia dos protocolos establecidos polo COVID -19.

10.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	14	10.31..422M.13124	Acumulación de tarefas de persoal laboral temporal	2020.00082	1013	N	215.118,84	0,00

10.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.02..621B.520	Outros imprevistos	2011.00912	1011		215.118,84	0,00

10.2. EXPEDIENTE TR-23-015-21

(Código exp. CODEX TR-2021-179-00400001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (001.05)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.05.21)

10.2.1. Descrición

Transferencia con cargo ao programa de imprevistos e funcións non clasificadas por importe de dous millóns cento trinta e nove mil cincocentos seis euros e dezaioito céntimos (2.139.506,18 €) con destino ás aplicacións 05.21.121A.227.01 (2015 00170) e 05.21.121A.212 (2015 00170) coa finalidade de facer fronte aos gastos mínimos previstos en atención aos servizos de contratación centralizada que xestiona esta consellería.

10.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	05.21..121A.212	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN	2015.00170	1010	N	1.021.970,00	0,00
001	11	05.21..121A.22701	VIXILANCIA E SEGURIDADE	2015.00170	1010	N	1.117.536,18	0,00

10.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.02..621B.520	OUTROS IMPREVISTOS	2011.00912	1011		2.139.506,18	0,00

10.3. EXPEDIENTE TR-23-016-21

(Código exp. CODEX TR-2021-232-00400002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Gastos de diversas consellerías (001.23)
ÓRGANO XESTOR	D. X. da Función Pública. (001.23.04)



10.3.1. Descrición

Transferencia de crédito, por un importe de trescentos cincuenta e sete mil euros (357.000 €) dende o programa de imprevistos e funcións non clasificadas,621B, ao capítulo 2, gastos tribunais oposición,da sección 23 "Gastos diversas Consellerías " do servizo 04 "Dirección Xeral de Función Pública" , co fin de financiar os procesos selectivos que está a desenvolver a citada dirección xeral

10.3.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.04..124A.22613	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DE TRIBUNAIS DE OPOSICIÓN E DE PROBAS	2015.00187	1011	N	357.000,00	0,00

10.3.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.02..621B.520	Outros imprevistos	2011.00912	1011	N	357.000,00	0,00



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24073
Data envío: 25/10/2021 15:21:19.886

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/10/2021 15:21:12

CSV: BOPGDSPG-vyLcHBE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En cumprimento do disposto no artigo 55 bis, apartado quinto, do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro -polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia-, trasládolle *Informe sobre a disposición do fondo de continxencia correspondente ao terceiro trimestre de 2021.*

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Ref.:sxo

ASUNTO: Informe sobre disposición do fondo de continxencia da sección 5001

O artigo 55.bis, apartado quinto, do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, establece que a Xunta de Galicia lle remitirá ao Parlamento de Galicia, a través da persoa titular da Consellería de Facenda e Administración Pública, un informe trimestral acerca do emprego do fondo de continxencia regulado neste mesmo artigo.

Para cumprir co anterior, no terceiro trimestre deste ano, o Consello da Xunta autorizou a seguinte disposición:

- Acordo do Consello da Xunta, na súa reunión do día vinte e nove de xullo de dous mil vinte e un, polo que se autoriza a disposición do fondo de continxencia previsto nas aplicacións orzamentarias 5001.412A.500 e 5001.412B.500, por un importe de 31.917.175,00 € (SC-12.80-002-21).

Como consecuencia do anterior, a situación do fondo de continxencia logo das disposicións autorizadas resulta:

DISPOSICIÓN					
CONCEPTO ORZAMENTARIO	ORZAMENTO INICIAL	CRÉDITO VIXENTE	CRÉDITO SOLICITADO	CRÉDITO DISPOÑIBLE	% UTILIZADO
5001.412B.500	9.141.180,00	9.141.180,00	9.141.180,00	0,00	100,00%
5001.412A.500	22.775.995,00	22.883.528,00	22.775.995,00	107.533,00	99,53%
DESTINOS					
EXPLICACIÓN	PROGRAMA	ART/CONCEPTO		IMPORTE	
Retribucións básicas	412A "Atención especializada"	131.00		20.628.969,38	
Retribucións básicas	412B " Atención primaria"	131.00		7.285.798,14	
Complemento de atención continuada persoal facultativo	414A "Formación de graduados e posgraduados"	121.03		4.002.407,48	
			TOTAL	31.917.175,00	

Santiago de Compostela,

O conselleiro de Facenda e Administración Pública
 (P.D.: 10.02.2015; P.S.: Decreto 11/2021, do 21 de xaneiro, DOG n.º 17)

O subdirector xeral de Orzamentos
 Fernando Jácome Reboredo

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
 VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos
 Edifícios administrativos San Caetano, Bloque 3
 15781 Santiago de Compostela, A Coruña
 Tfno.:981 54 51 10 – Fax.: 981 54 51 94
dx.planificacion.orzamentos.facenda@edu.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 24074
Data envío: 25/10/2021 15:21:28.839

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/10/2021 15:21:24

CSV: BOPGDSPG-vyLcHBE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno do Conselleiro de Sanidade**, para explicar as medidas que vai adoptar a Xunta diante da alarma social existente pola dificultade de acceso á atención sanitaria.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 29/10/2021 13:39:18

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/10/2021 13:39:22

Mercedes Queixas Zas na data 29/10/2021 13:39:32

Rosana Pérez Fernández na data 29/10/2021 13:39:40

Ramón Fernández Alfonzo na data 29/10/2021 13:39:49

Daniel Pérez López na data 29/10/2021 13:39:58

Iria Carreira Pazos na data 29/10/2021 13:40:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 29/10/2021 13:40:18

Daniel Castro García na data 29/10/2021 13:40:27

María del Carmen Aira Díaz na data 29/10/2021 13:40:36

Noa Presas Bergantiños na data 29/10/2021 13:40:45

María González Albert na data 29/10/2021 13:40:53

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/10/2021 13:41:01

Xosé Luis Bará Torres na data 29/10/2021 13:41:09

María Montserrat Prado Cores na data 29/10/2021 13:41:18

Alexandra Fernández Gómez na data 29/10/2021 13:41:29

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 29/10/2021 13:41:36

María do Carme González Iglesias na data 29/10/2021 13:41:43

Paulo Ríos Santomé na data 29/10/2021 13:41:51



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- do Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, para informar sobre o **“Balance tempada turística e previsións para o ano 2022”**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2021 09:55:01
Nº Rexistro: 24243
Data envío: 02/11/2021 09:55:01.858

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/11/2021 9:54:57

CSV: BOPGDSPG-vyLcHBE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputados e o deputado abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, e membros da Comisión 5ª, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente na Comisión 5ª da Directora Xeral de Xuventude** para explicar as medidas que ten adoptado e que ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para reverter a situación de precariedade laboral e temporalidade que sofre a mocidade galega.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 26/10/2021 11:49:52

María Montserrat Prado Cores na data 26/10/2021 11:50:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 26/10/2021 11:50:09

Olalla Rodil Fernández na data 26/10/2021 11:50:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputados e o deputado abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, e membros da Comisión 5ª, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente na Comisión 5ª da Directora Xeral de Xuventude** para dar conta dos niveis de emancipación e da imposibilidade de acceso a unha vivenda digna por parte da mocidade galega.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 26/10/2021 11:53:09

María Montserrat Prado Cores na data 26/10/2021 11:53:16

Iria Carreira Pazos na data 26/10/2021 11:53:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 26/10/2021 11:53:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputados e o deputado abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, e membros da Comisión 5ª, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente na Comisión 5ª da Directora Xeral de Xuventude** con motivo do fenómeno denominado “Fuga de Talentos”, ou emigración xuvenil e os custes que isto ten para a sociedade galega.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 26/10/2021 11:54:51

María Montserrat Prado Cores na data 26/10/2021 11:54:58

Iria Carreira Pazos na data 26/10/2021 11:55:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 26/10/2021 11:55:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputados e o deputado abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, e membros da Comisión 5ª, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente na Comisión 5ª da Directora Xeral de Xuventude** para dar conta da situación que está a vivir o asociacionismo xuvenil en Galiza.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 26/10/2021 11:55:55

María Montserrat Prado Cores na data 26/10/2021 11:56:06

Iria Carreira Pazos na data 26/10/2021 11:56:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 26/10/2021 11:56:23



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo- da Directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN), para informar sobre a **“Estratexia de Consolidación do sector Biotecnolóxico de Galicia 2021 – 2025”**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr/a. presidente/a da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2021 13:45:01
Nº Rexistro: 24219
Data envío: 29/10/2021 13:45:01.987

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/10/2021 13:44:52

CSV: BOPGDSPG-vyLcHBE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego- da directora xeral de Planificación e Reforma Sanitaria, **para dar conta do desenvolvemento das reformas previstas no documento estratéxico 'Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde, debatidas no Consello Técnico de Atención Primaria'**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr/a. presidente/a da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2021 10:11:05
Nº Rexistro: 24244
Data envío: 02/11/2021 10:11:05.155

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/11/2021 10:11:00

CSV: BOPGDSPG-vyLcHBE-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de levar a cabo un Plan de Industrialización e Emprego para a comarca da Mariña e unha modificación legal para asegurar a construción de compoñentes e subministrados no noso país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Mariña leva xa décadas vendo como o seu sector industrial vai diminuíndo a pasos axigantados, dando cada vez menos traballo aos seus habitantes e tendo ano a ano menos empresas e factorías. Mais esta situación agrávese considerablemente cando nos últimos dous anos se puxeron dous EREs enriba da mesa, o da factoría de Alcoa en San Cibrao e o da fábrica de Vestas en Chavín, no concello de Viveiro.

Ante esta situación sumamente grave, a Xunta de Galiza adoptou unha posición totalmente inaceptable, poñéndose de perfil no conflito de Alcoa e non dando ningún tipo de solución ao ERE de Vestas, a pesar de ter o goberno galego as competencias exclusivas en materia de industria.

Pese a isto, e a pesar de ser máis que urxente un Plan de Industrialización e Emprego para a comarca mariñá, o Partido Popular votou en contra desta medida, como tamén de realizar as modificacións legais necesarias para garantir o impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións nas que se terá en conta a



construción de compoñentes e subministros no noso país e a vinculación a proxectos de xeración de valor engadido.

Sendo esta a situación e non habendo solucións á vista por parte do goberno para o sector industrial da Mariña, volven facerse necesarias actuacións urxentes e sobre todo, un cambio radical nas políticas industriais desta Xunta de Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Porque a Xunta de Galiza desbota a posibilidade de desenvolver as modificacións legais necesarias para garantir o impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións nas que se terá en conta a construción de compoñentes e subministros no noso país e a vinculación a proxectos de xeración de valor engadido?

. Está disposta a Xunta de Galiza a levar a cabo un Plan de Emprego e Industrialización na comarca da Mariña?

. Vai a Xunta de Galiza Incorporar nos Orzamentos da Xunta de Galiza unha partida orzamentaria para levar a cabo un Plan de Industrialización e Emprego na comarca da Mariña?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 22/10/2021 13:35:14

Ramón Fernández Alfonso na data 22/10/2021 13:35:19

Daniel Castro García na data 22/10/2021 13:35:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego está a aplicar dun xeito xeneralizado, tanto na atención hospitalaria como na atención primaria e no conxunto do territorio, unha política de recortes que está a provocar un deterioro progresivo e xa extremo neste momento do sistema sanitario público. Ademais, os orzamentos que pretende aprobar de cara ao 2022, moi similares aos actuais, tampouco permiten albiscar a melloría que deberá poñer o fin definitivo á precaria situación actual.

Os usuarios e usuarias da sanidade pública son os principais afectados dunha política devastadora que mingua a calidade da atención sanitaria, sobre todo reducindo o persoal, tanto sanitario como non sanitario, e sobrecargando ata a extenuación ao que permanece nos centros.

A asistencia pediátrica é un dos servizos que está a sufrir con maior virulencia esta situación de recortes, con masificación nas consultas e con moita poboación infantil que non é atendida por especialistas en pediatría, o que tamén empeora a calidade asistencial.

Este é o caso da atención pediátrica no centro de saúde de Outes e, por extensión, noutros centos de saúde da comarca de Muros e Noia, cuxas deficiencias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

están a ser postas de manifesto nos últimos días polas propias familias afectadas e sen que ata o de agora teñan resposta por parte da Consellaría de Sanidade.

As familias do concello de Outes vense obrigadas a prescindir do único profesional en pediatría do que dispón o centro de saúde, que neste momento atópase desfrutando as vacacións que lle corresponden e cuxa praza non se está a cubrir por substituta ou substituto algún.

Nesta situación, a Consellaría de Sanidade decide derivar aos nenos e nenas de Outes ao centro de saúde de Noia, centro que tampouco dispón do profesional de pediatría por atoparse este de baixa dende antes do verán e que está a ser cuberto por unha médica de familia durante unhas horas en xornada de tarde.

O descontrol e a falla de planificación das autoridades sanitarias tamén a están a sufrir en Noia, onde á médica de familia que fai as funcións de pediatra non a acompaña o correspondente e necesario persoal de enfermería. No entanto, si existe dotación de enfermería en horario de mañá, mais sen o seu correspondente facultativo.

O feito da inexistencia de persoal de enfermería nas horas de tarde da médica de familia que actúa como pediatra en Noia impide que se poidan realizar, por exemplo, os PNS (programas neno san, control e vacinación) incluso dos bebés máis pequenos. Deste xeito, a situación non lle permite nin sequera atender os cupos, adicándose fundamentalmente aos casos máis urxentes e facendo tamén as funcións de enfermería que non lle corresponden e que, unha vez máis, poñen de manifesto que se a sanidade pública galega funciona e polo labor responsábel que levan a cabo as e os seus profesionais.

Por se non fose aínda suficiente, non remata aquí o periplo dos e das pacientes infantís de cero a tres anos e das súas familias. As circunstancias da atención pediátrica





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en Noia fan que, finalmente, os nenos e nenas teñan que ser derivados ao centro de saúde de Lousame, que si conta con pediatra en xornada completa de mañá pero que está totalmente desbordada ao ter que atender nestes momentos a tres concellos: Outes, Noia e o propio Lousame, o que supón para calquera profesional unha presión asistencial extrema que mesmo pon en risco a súa saúde e a atención e seguimento acaído da saúde dos seus pacientes .

Garantir, pois, que se cubran as ausencias nos centros de Outes e de Noia é unha necesidade perentoria que a Xerencia desta área, Santiago-Barbanza, e a Consellaría de Sanidade non poden obviar.

A saúde é un dereito fundamental que neste caso e máis unha vez está a ser vulnerado gravemente por parte de quen debera garantilo, o goberno galego, ao non permitir que se dispoña do persoal necesario e, polo tanto, que exista atención sanitaria axeitada e de calidade en cada centro de saúde

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Que valoración fai o goberno galego das carencias do servizo de pediatría na atención primaria pública galega e, nomeadamente, na área sanitaria Santiago-Barbanza?

. Cal é a xustificación para non cubrir a ausencia do/a profesional de pediatría no centro de saúde de Outes?

. Cal é a razón pola que dende antes do verán non se está a cubrir a ausencia do/a profesional de pediatría de Noia?. Por que motivo non se dota do persoal de enfermería correspondente a ese/a facultativo/a?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai seguir a Consellería de Sanidade sen substituír a eses especialistas nas súas ausencias, ou ten intención de rectificar e non deixar desprotexidos aos nenos e nenas dos concellos de Outes e Noia?

. Considera o goberno galego que cun só pediatra, o de Lousame, están ben atendidos os nenos e nenas de Outes, Noia e do propio Lousame?

. Considera a Xunta de Galiza que os nenos e nenas deses tres concellos están a recibir unha asistencia sanitaria de calidade?

. Considera razoábel que os nenos e nenas de Outes teñan que desprazarse a outros centros de saúde, xa saturados, e que nin sequera dispoñen nestes momentos de facultativos especialistas en pediatría?

. Vai cubrir a Consellería de Sanidade de xeito inmediato as ausencias de especialistas pediátricos nos centros de saúde de Outes e Noia?

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 25/10/2021 10:19:05

María Montserrat Prado Cores na data 25/10/2021 10:19:10

Rosana Pérez Fernández na data 25/10/2021 10:19:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lu-611 é unha estrada da Xunta que discorre dende Rubián ata a vila de Taboada seguindo o decorrer do antigo camiño real. É unha vía importante de comunicación entre a comarca da Ulloa coa chaira do Val de Lemos e tamén coa comarca de Sarria.

O estado do firme é calamitoso polo menos no tramo que vai dende Rubián no Concello de Bóveda ata Currelos no Concello do Saviñao, o que na práctica supón que haxa localidades que queden incomunicadas entre si e coas zonas mencionadas.

Dende o goberno da Xunta prometeuse o amaño desta vía en numerosas ocasións sen que o resultado se poida observar como óptimo en ningún caso. Dende o 2007 son recorrentes as promesas que se remontan ao 2001.

No seu momento fóronse amañando menos de 20 km que separan Taboada de Currelos, estando o resto nun estado que se podería cualificar como intransitable e que de feito deixa illadas diversas localidades do interior de Bóveda e O Saviñao, como pode ser Rebordondiego ou outras.

É hora 22 anos despois das primeiras promesas que a poboación da zona conte cunha vía de comunicación en condicións, sendo imposible fixar poboación nos pobos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

afectados, precisamente polo illamento que supón non poder saír deles cun firme en boas condicións, xa non digamos unha hipotética mellora do trazado.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Ten previsto o goberno da Xunta establecer un plan para a mellora e mantemento das estradas secundarias que son da súa competencia e que son imprescindibles para vertebrar o rural galego?

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/10/2021 16:49:51

María del Carmen Aira Díaz na data 26/10/2021 16:49:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación do servizo de Cirurxía Pediátrica no CHUS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de máis dunha década de recortes de dereitos e recursos na sanidade pública, as consecuencias son máis que notorias. Exemplo disto é o que está a acontecer no servizo de Cirurxía Pediátrica do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela.

Este servizo presta asistencia ás pacientes pediátricas tanto da propia área sanitaria de Santiago e Barbanza, coma as da área de Pontevedra. Actualmente, conta con tan só cinco facultativas, tralo recente traslado dunha delas a outra área e pola renuncia doutra profesional motivada pola situación de precariedade. Destas cinco cirurxiás, tan só tres realizan gardas actualmente. Esta grave situación de falta de persoal ten, precisamente, unha consecuencia palpable na xornada extraordinaria, ao teren as profesionais quendas de garda cunha cadencia moi próxima que non permite o necesario descanso entre cada unha delas.

Estas profesionais están a día de hoxe soportando xornadas laborais excesivas, tanto para atender as operacións programadas coma as intervencións urxentes, que se agravan ao ter que prestar asistencia a intervencións con alto grado de complexidade que poden chegar a requirir a presenza de dúas cirurxiás.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas xornadas laborais maratonianas agrávanse durante os períodos vacacionais como foi o do verán, pois o servizo mantívose con unicamente dúas facultativas dispoñíbeis para realizar todas as gardas ao estar a terceira no seu período de descanso. Dada a circunstancia exposta anteriormente, na que se poden chegar a requirir dúas especialistas durante algunhas intervencións, pode chegarse á situación na que non existe ningún descanso para estas traballadoras por enlazar gardas de xeito consecutivo.

Por estes motivos fórmulase a seguinte interpelación:

. Cal é a valoración do goberno galego da situación na que se atopan as traballadoras do servizo de Cirurxía Pediátrica nos hospitais galegos, e especialmente no CHUS, do seu volume de traballo e da redución forzosa dos seus tempos de descanso?

. Ten algunha medida contemplada para reverter a dita situación?

. Ten coñecemento o goberno galego de cal é o réxime de descansos do persoal facultativo neste servizo?

. Cal é a razón pola que non se convoca a renovación de xefatura do servizo?

. Por que non se está dando a preceptiva información que están a demandar tanto as propias traballadoras coma as organizacións sindicais?

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Iria Carreira Pazos
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/10/2021 17:12:10

María Montserrat Prado Cores na data 26/10/2021 17:12:14

Iria Carreira Pazos na data 26/10/2021 17:12:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galiza para garantir que as interrupcións voluntarias do embarazo se levan a cabo na rede sanitaria pública galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 26 de outubro de 2021 o pleno do Parlamento de Galiza acordou por unanimidade a iniciativa presentada polo Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego na que se insta a Xunta de Galiza a adoptar as medidas necesarias para garantir que as mulleres do noso país poden exercer, con todas as garantías, o dereito ao aborto no sistema público de saúde.

Isto é, a dotar a sanidade pública galega dos recursos humanos e materiais necesarios para garantir que as interrupcións voluntarias do embarazo se levan a cabo en centros públicos con carácter preferente tal e como dispón a Lei orgánica 2/2010.

Cómpre lembrar que, de acordo cos últimos datos publicados polo Ministerio de Sanidade correspondentes a 2020, no noso país 7 de cada 10 IVEs leváronse a cabo en clínicas privadas.

Isto vén sendo así desde a aprobación da lei en 2010 e, de feito a porcentaxe de abortos na privada en Galiza foi maior hai anos chegando a situarse por riba do 90% (en 2014, por exemplo, o 92%).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta realidade supón un incumprimento da lexislación vixente e tamén unha vulneración dos dereitos das mulleres que se ven abocadas a acudir á sanidade privada para interromper un embarazo.

Entre as razóns que explican esta situación están as e os profesionais que invocan a obxección de conciencia para se negar a practicar un aborto mais tamén a falta de persoal e de recursos materiais na sanidade pública para levalos a cabo.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir que as interrupcións voluntarias do embarazo se levan a cabo na rede sanitaria pública galega e dar así cumprimento ao acordo parlamentario do 26 de outubro de 2021?

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Iria Carreira Pazos
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 27/10/2021 09:20:59

Iria Carreira Pazos na data 27/10/2021 09:21:03

Olalla Rodil Fernández na data 27/10/2021 09:21:10





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a protección da propiedade colectiva das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común no dominio marítimo-terrestre.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (ORGACMMM) ten trasladado ao BNG a súa fonda preocupación pola situación que se está a xerar ante as actuacións levadas a cabo desde as Xerencias Territoriais do Catastro que atentan directamente aos intereses das comunidades de montes.

Así, as oficinas territoriais ou xerencias están a remitir comunicacións aos órganos directivos das comunidades de montes informando de que os terreos propiedade da comunidade, terras de monte veciñal en man común, situadas dentro da demarcación marítimo-terrestre pasan a considerarse de titularidade do Estado.

Aínda que nos escritos remitidos o Catastro concede un prazo de alegacións, as resolucións estanse a demostrar inamovíbeis, o que equivale a unha incautación ou expropiación encuberta destas terras de propiedade colectiva que funcionan en beneficio da comunidade.

Para a toma destas resolucións Catastro ampárase no artigo 9 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas que establece que non poderán existir terreos de propiedade





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

distinta da demanial do Estado en ningunha das pertenzas do dominio público marítimo-terrestre, nin aínda no suposto de terreos gañados ao mar ou desecados na súa ribeira.

En primeiro lugar cabe destacar que o artigo citado trata por igual a todo tipo de propiedades. Sen embargo, desde o BNG entendemos que no momento actual deberíase afrontar unha revisión do mesmo para permitiren que na zona de dominio público marítimo-terrestre, que como indica o seu nome debe ser de titularidade pública, poidan coexistir outras titularidades que respecten ese carácter demanial e non privado.

Así, propónse a posibilidade de permitiren a titularidade municipal ou autonómica, non só a estatal como se reclama en moitos concellos costeiros, máis tamén, neste caso, a titularidade colectiva ou veciñal, en beneficio da comunidade que, aínda que tratada como privada habitualmente, ten características diferentes.

Non é en ningún caso axeitada a equiparación dos montes veciñais en man común a bens de titularidade privada pois a súa natureza é colectiva tal e como recoñece o artigo 3 da vixente Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Polo tanto, e recollendo as reclamacións da ORGACCMM, entendemos que non deberían ter encaixe legal nas detencións privadas, senón seren considerados como propiedades colectivas como corresponde á súa natureza e réxime xurídico.

En ningún momento o mantemento da titularidade pública ou colectiva afectaría á obriga de respectar os límites que a Lei de Costas establece neste momento ao respecto das actividades a desenvolver na zona de dominio público marítimo e das preceptivas autorizacións da Demarcación de Costas.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É importante neste sentido lembrar que a normativa de costas actual xa permite manter os dereitos de uso e aproveitamento, polo que sería perfectamente posíbel manter este aspecto mais respectando a titularidade das comunidades de montes.

En segundo lugar temos de lembrar que a pesares de que a previsión do artigo 9 foi publicada en 1988, tras a aprobación a Lei de Montes Veciñais en Man Común procedeuse a inscribir e rexistrar propiedades a nome desas mancomunidades incluíndo os terreos afectados pola zona de dominio público marítimo-terrestre, probándose así a compatibilidade de manter a titularidade e o respecto da normativa que impón restrinxir os usos nesas zonas afectadas.

Tamén pode alegarse a favor da reforma legislativa que permita conciliar ambas titularidades que a necesaria protección que se dá a outros bens público-demaniais como son as bacías fluviaís ou humidais, por exemplo (que poderían ser equiparábeis) non impide a titularidade sobre eses terreos mais si que limita os seus usos.

Desde o BNG entendemos que é preciso revisar a lexislación vixente para que recolla de xeito clara a realidade: a existencia de montes veciñais en man común como unha forma colectiva de propiedade, non equiparábel á pública nin á privada, de marcado carácter xermánico.

A Xunta de Galiza non pode ficar alleo a este ataque por parte de Catastro a unha forma de propiedade propia de Galiza xa que ten unha responsabilidade na defensa deste modelo de propiedade comunitaria que ten unha importancia capital no noso país no que ocupan aproximadamente unha cuarta parte do territorio: máis de 700.000 hectáreas xestionadas por 2.800 comunidades de montes. Un volume que proba que estas comunidades son un sinal de identidade e da cultura galegas, ademais dun motor económico e produtivo decisivo. Este tipo característico e diferenciado de copropiedade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

colectiva, cuxas características se teñen mantido e teñen evolucionado en Galiza desde tempos inmemoriais, ha de ser preservado, mantido e protexido.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Teñen previsto modificar a Lei 13/1989 de Montes en Man Común para garantir os dereitos das Comunidades de Montes en Man Común?

. Consideran que a campaña iniciada polas Xerencias de Catastro reclamando a titularidade estatal dos montes en man común situados en dominio marítimo-terrestre supón un ataque a este tipo de propiedade xermánica da terra de forte implantación en Galiza?

. Que accións ten iniciado a Xunta de Galiza para asesorar e guiar ás Comunidades de Montes en Man Común situadas en dominio marítimo-terrestre afectadas polas notificacións de Catastro?

. Teñen principado algunha acción directa cara o Goberno de España? De que tipo?

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2021

Asdo.: **María González Albert**
Carmen Aira Díaz
Xosé Luis Rivas Cruz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 27/10/2021 09:39:29

María del Carmen Aira Díaz na data 27/10/2021 09:39:32

María González Albert na data 27/10/2021 09:39:44



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Os orzamentos de Galicia para 2022 manteñen dentro das súas contas a dedicación do Sergas de máis de 700 mil euros para a contratación de 52 capeláns dentro do sistema sanitario público de Galicia. Esta situación, que se ven repetindo dende hai moito, resulta a todas luces insostible tanto dende un criterio político como, incluso, de forma laboral.

Politicamente resulta inasumible que o sistema público de saúde manteña no seu orzamento, e especialmente referidos dentro do cadro de persoal, 52 capeláns que xeran un gasto de 721.137,82€ entre salario (con pagas extra) e complementos, e ao que hai que engadir o custe social dos contratos. O sistema sanitario precisa de profesionais sanitarios, e especialmente cando existen aínda déficits en numerosas categorías. De maneira engadida, cando o orzamento para Atención Primaria descende, sube a aportación para os sacerdotes no Sergas, o que alimenta a incredulidade.

En termos laborais, durante o ano 2021 foi coñecida a reivindicación dalgúns destes sacerdotes de ser recoñecidos como persoal propio do Sergas. Esta situación permitiu aclarar vía xudicial que esta situación de pago a capeláns era unha “irregularidade” que contemplaban os orzamentos sanitarios, como sinalou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Lonxe de resolver esta situación, os orzamentos 2022 pretenden elevar incluso a aportación, mantendo a formulación “irregular” e facendo ouvidos xordos a toda advertencia. Cabe sinalar que a reclamación dos capeláns permitiu coñecer algunha realidade da súa labor, como que o fan “con bata branca” (como fan os e as profesionais do sistema sanitario) ou se benefician de vantaxes como o resto de profesionais (comedor, aparcamento, teléfono, acceso á rede interna de información, etc.). Seguen se coñecerse as condicións e criterios de contratación, a dispoñibilidade de espazos dentro dos propios centros sanitarios ou a súa labor dentro de ditos centros (protocolos de funcionamento, inserción nas xerarquías de acción, etc.).



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera o Goberno de Galicia que é aceptable elevar a contía dedicada á contratación de sacerdotes no Sergas?
2. Como explica o Goberno de Galicia que suba a aportación dedicada á contratación de sacerdotes no Sergas cando baixa a Atención Primaria?
3. Cre o goberno de Galicia que se respecta a aconfesionalidade do Estado coa contratación de sacerdotes no sistema público de saúde de Galicia?
4. Cales son os criterios de selección dos sacerdotes que o Sergas contrata?
5. Que recursos materiais financiados polo Sergas teñen a disposición os sacerdotes contratados? Dispoñen de teléfonos móbiles? De prazas de aparcamento?
6. Dispoñen os sacerdotes contratados de espazos de traballo a maiores das capelas dos centros hospitalarios?
7. Cumpren os sacerdotes contratados polo Sergas coa xornada laboral estimada? Como controla isto o Sergas?
8. Viron os sacerdotes do Sergas diminuída a presenza no sistema sanitario durante a pandemia provocada pola COVID?

Pazo do Parlamento, 27 de outubro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/10/2021 15:34:59

Marina Ortega Otero na data 27/10/2021 15:35:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Pantón, ó sul da provincia de Lugo, conta con 2.500 habitantes distribuídos en 26 parroquias e 297 entidades de poboación en 147 km². Contaba cun centro de saúde con 4 facultativos e por distintas causas está en risco de quedar con 2, como proba que haxa unha médica sen cubrir dende xullo e outro a punto de xubilarse.

Unha poboación dispersa cunha elevada media de idade moi alta xa que case o 60% dos seus habitantes pasan dos 65 anos, é por tanto un concello extremadamente avellentado. Este feito supón que inevitablemente precisarán facerse moitas visitas domiciliarias calculando un mínimo de 30 minutos por cada unha, o que suporía deixar ao centro de saúde cun facultativo só para facer o traballo ordinario e atender calquera emerxencia que se de no propio centro, porque se esta se dera fóra non podería atendela sen abandonar o centro.

Suporía a maiores a merma da calidade asistencial, sendo imposible implantar os distintos programas de atención programada a pacientes crónicos, ou outros, quedando a asistencia sanitaria neste centro para a atención a demanda exclusivamente.

Todo isto únese ao que se escoita constantemente sobre a atención primaria, na que non hai dúbida de que se vai instaurando un constante deterioro por falta de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

substitucións das ausencias do persoal facultativo e por outra banda o discurso da consellería sobre a imposibilidade de conseguir fixar profesionais na atención primaria sen que se tome ningunha outra medida.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que planificación ten a consellería para facerlle fronte a asistencia sanitaria nos concellos que están perdendo poboación e incrementando a que teñen en idade, como os do interior da provincia de Lugo?

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
Iria Carreira Pazos
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 28/10/2021 09:58:57

Iria Carreira Pazos na data 28/10/2021 09:59:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 28/10/2021 09:59:14



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**

Tras a pandemia derivada da Covid-19 as deficiencias nas residencias fixéronse transparentes en gran medida para o resto da sociedade. Dende o Grupo Socialista fixéronse numerosas propostas, antes e durante a pandemia, e seguiremos a traballar nun asunto que ten que ser central nas políticas sociais en Galicia.

Por todo elo, solicitamos ao Goberno galego, en numerosas propostas, que incrementaran significativamente o número de técnicos de inspección de política social para blindar a supervisión, así como a necesidade de blindar as condicións laborais do sector, tendo en conta non só a necesidade de mellora nas condicións salariais e normativas, senón tamén as funcións competenciais das traballadoras e a necesidade de garantir a rateo establecida por norma.

Fai uns días o comité de empresa de Política Social denunciaba na Coruña supostas irregularidades no ámbito competencial das traballadoras. En concreto, denuncian que ás auxiliares de enfermaría das residencias obrígaselles a facer funcións propias de enfermaría. De ser así, confirmaríase numerosas denuncias que o propio sector de traballadoras do ámbito das residencias leva denunciando durante anos.

Consideramos urxente que o Goberno galego a través da Consellería de Política Social, informe sobre o acontecido con ditas traballadoras. Xa que, de ser así, habería responsabilidades que dirimir.

En concreto o comunicado fai referencia ás residencias de Caranza-Ferrol e de Oleiros, onde segundo as traballadoras do sector, se lles está a obrigar ás auxiliares de enfermaría a exercer funcións para as que é obrigatorio ter a titulación en enfermaría. En concreto fan referencia ás funcións de preparación de medicamentos.

Unha cuestión tan relevante para a boa seguridade e coidados das persoas maiores, tendo en conta que Galicia e unha das CCAA que maior número de



prazas residenciais privadas e menor número de técnicos de inspeccións para supervisalas ten, é urxente que a Xunta de Galicia de conta da situación neste ámbito.

Neste contexto, e tal como solicitamos en numerosas ocasións dende o Grupo socialista, é urxente tratar as liñas concretas do novo modelo de coidados que demanda con urxencia á propia sociedade galega, tendo en conta que é unha das CCAA con maior porcentaxe de envellecemento.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte Interpelación:

- 1.^a) Coñece a Consellería de Política Social o comunicado do comité de empresa de política social no que se afirma que existe un exercicio de traballo carente das competencias que se requiren?
- 2.^a) Ratifica a consellería dito comunicado? E de ser así, ¿teñen pensado investigar a situación para dirimir responsabilidades?
- 3.^a) Cales son as liñas concretas do novo modelo de coidados para persoas maiores ou dependentes en Galicia?

Pazo do Parlamento, 27 de outubro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela Marina Ortega Otero
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 27/10/2021 17:46:34

Julio Torrado Quintela na data 27/10/2021 17:46:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza


Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No BOP da Provincia de A Coruña do 30 de setembro de 2021 publícase o anuncio polo que Explotaciones Gallegas, S.L., solicita autorización para as obras recollidas nos documentos: “Proyecto de drenaje integral de la concesión de explotación “San Rafael” n.º 2.946”, “Proyecto de planta de tratamento de augas en Portapego” e “Proyecto de planta de tratamento de auga en Vieiro”, con obras situadas nos concellos de O Pino e Touro. Expediente DH.W15.79505.

Na introdución do proxecto a empresa reconece que é presentado como consecuencia do requirimento que con data 25 de novembro de 2019, a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria fai a Explotaciones Gallegas, S.L. dun Proxecto Integral de Drenaxe. Requirimento que se reitera por parte da Xefatura Territorial con data 2 de marzo de 2021.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia


Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



Previamente a este houbo un proxecto de drenaxe temporal (DH. W15.64849) que tamén lle fora requirido pola Administración en xullo de 2018 mentres non se presentaba o proxecto definitivo. Este proxecto temporal nunca foi executado.

Este novo proxecto integral contempla a construción dunha planta de tratamento de augas (PTA) no Portapego outra PTA no Vieiro e un tratamento a base de grava e tecnosolos na charca de Bama.

En síntese, a PTA do Portapego collería os efluentes desta zona (leste) de Angumil e Portapego que verten ó Lañas e Felisa que verte ó Brandelos e trataríalos antes de vertelas de novo controlando o seu pH, Al, Fe e Mn.

O humidal de Bama (que non PTA) serviría para mellorar o pH das augas desta zona que verten ao Brandelos. Este tratamento é claramente insuficiente.

A grande sorpresa vén na PTA de Vieiro. Esta planta preséntase como parte das instalacións necesarias para levar a cabo a reactivación da mina de Touro e está deseñada para dar servizo á futura mina e quedaría enmarcada dentro de dita actividade.

É inaudito que a empresa teña a desfachatez de xustificar a PTA de Vieiro non para resolver o problema de máis de 30 anos de contaminación da anterior mina como lle obriga a lexislación (é obriga dunha empresa propietaria dun dereito mineiro rehabilitar cos seus propios medios o espazo afectado polas labores mineiras, segundo recolle o Real decreto 975/2009, de 12 de xuño), senón como unha instalación para unha hipotética reapertura nun futuro da mina. De feito a súa dimensión e ubicación responden a esa reapertura e non ás necesidades actuais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza


Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



Foi o 31 de marzo do ano en curso cando a empresa COBRE SAN RAFAEL SL presentou un recurso de reposición á negativa da Consellería de Industria de autorizar o proxecto mineiro. Este recurso ten un prazo de resposta de un mes. Pois ben, é agora, nestas datas, que a Xunta comunica a algúns interesados a existencia deste recurso e dá 10 días para que estes interesados poidan responder. A Administración tarda 9 meses e os interesados teñen so 10 días.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a opinión do goberno galego a respecto da solicitude por parte de Explotaciones Gallegas SL do “Proyecto de planta de tratamento de agua en Vieiro” que afecta aos concellos de O Pino e Touro?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia


Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 22/10/2021 11:10:21
Xosé Luis Bará Torres na data 22/10/2021 11:10:25
Iria Carreira Pazos na data 22/10/2021 11:10:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de levar a cabo un Plan de Industrialización e Emprego para a comarca da Mariña e unha modificación legal para asegurar a construción de compoñentes e subministrados no noso país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Mariña leva xa décadas vendo como o seu sector industrial vai diminuíndo a pasos axigantados, dando cada vez menos traballo aos seus habitantes e tendo ano a ano menos empresas e factorías. Mais esta situación agrávese considerablemente cando nos últimos dous anos se puxeron dous EREs enriba da mesa, o da factoría de Alcoa en San Cibrao e o da fábrica de Vestas en Chavín, no concello de Viveiro.

Ante esta situación sumamente grave, a Xunta de Galiza adoptou unha posición totalmente inaceptable, poñéndose de perfil no conflito de Alcoa e non dando ningún tipo de solución ao ERE de Vestas, a pesar de ter o goberno galego as competencias exclusivas en materia de industria.

Pese a isto, e a pesar de ser máis que urxente un Plan de Industrialización e Emprego para a comarca mariñá, o Partido Popular votou en contra desta medida, como tamén de realizar as modificacións legais necesarias para garantir o impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións nas que se terá en conta a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

construción de compoñentes e subministros no noso país e a vinculación a proxectos de xeración de valor engadido.

Sendo esta a situación e non habendo solucións á vista por parte do goberno para o sector industrial da Mariña, volven facerse necesarias actuacións urxentes e sobre todo, un cambio radical nas políticas industriais desta Xunta de Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza incorporar nos Orzamentos da Xunta de Galiza unha partida orzamentaria para levar a cabo un Plan de Industrialización e Emprego na comarca da Mariña?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 22/10/2021 13:33:53

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/10/2021 13:33:58

Daniel Pérez López na data 22/10/2021 13:34:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego está a aplicar dun xeito xeneralizado, tanto na atención hospitalaria como na atención primaria e no conxunto do territorio, unha política de recortes que está a provocar un deterioro progresivo e xa extremo neste momento do sistema sanitario público. Ademais, os orzamentos que pretende aprobar de cara ao 2022, moi similares aos actuais, tampouco permiten albiscar a melloría que deberá poñer o fin definitivo á precaria situación actual.

Os usuarios e usuarias da sanidade pública son os principais afectados dunha política devastadora que mingua a calidade da atención sanitaria, sobre todo reducindo o persoal, tanto sanitario como non sanitario, e sobrecargando ata a extenuación ao que permanece nos centros.

A asistencia pediátrica é un dos servizos que está a sufrir con maior virulencia esta situación de recortes, con masificación nas consultas e con moita poboación infantil que non é atendida por especialistas en pediatría, o que tamén empeora a calidade asistencial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este é o caso da atención pediátrica no centro de saúde de Outes e, por extensión, noutros centros de saúde da comarca de Muros e Noia, cuxas deficiencias están a ser postas de manifesto nos últimos días polas propias familias afectadas e sen que ata o de agora teñan resposta por parte da Consellaría de Sanidade.

As familias do concello de Outes vense obrigadas a prescindir do único profesional en pediatría do que dispón o centro de saúde, que neste momento atópase desfrutando as vacacións que lle corresponden e cuxa praza non se está a cubrir por substituta ou substituto algún.

Nesta situación, a Consellaría de Sanidade decide derivar aos nenos e nenas de Outes ao centro de saúde de Noia, centro que tampouco dispón do profesional de pediatría por atoparse este de baixa dende antes do verán e que está a ser cuberto por unha médica de familia durante unhas horas en xornada de tarde.

O descontrol e a falla de planificación das autoridades sanitarias tamén a están a sufrir en Noia, onde a médica de familia que fai as funcións de pediatra non a acompaña o correspondente e necesario persoal de enfermería. No entanto, si existe dotación de enfermería en horario de mañá, mais sen o seu correspondente facultativo.

O feito da inexistencia de persoal de enfermería nas horas de tarde da médica de familia que actúa como pediatra en Noia impide que se poidan realizar, por exemplo, os PNS (programas neno san, control e vacinación) incluso dos bebés máis pequenos. Deste xeito, a situación non lle permite nin sequera atender os cupos, adicándose fundamentalmente aos casos máis urxentes e facendo tamén as funcións de enfermería que non lle corresponden e que, unha vez máis, poñen de manifesto que se a sanidade pública galega funciona e polo labor responsábel que levan a cabo as e os seus profesionais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por se non fose aínda suficiente, non remata aquí o periplo dos e das pacientes infantís de cero a tres anos e das súas familias. As circunstancias da atención pediátrica en Noia fan que, finalmente, os nenos e nenas teñan que ser derivados ao centro de saúde de Lousame, que si conta con pediatra en xornada completa de mañá pero que está totalmente desbordada ao ter que atender nestes momentos a tres concellos: Outes, Noia e o propio Lousame, o que supón para calquera profesional unha presión asistencial extrema que mesmo pon en risco a súa saúde e a atención e seguimento acuído da saúde dos seus pacientes .

Garantir, pois, que se cubran as ausencias nos centros de Outes e de Noia é unha necesidade perentoria que a Xerencia desta área, Santiago-Barbanza, e a Consellaría de Sanidade non poden obviar.

A saúde é un dereito fundamental que neste caso e máis unha vez está a ser vulnerado gravemente por parte de quen debera garantilo, o goberno galego, ao non permitir que se dispoña do persoal necesario e, polo tanto, que exista atención sanitaria axeitada e de calidade en cada centro de saúde

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está disposta a Xunta de Galiza a cubrir de xeito inmediato o servizo de pediatría nos centros de saúde de Outes e Noia e a dotar a este último do correspondente persoal de enfermería?

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 25/10/2021 10:17:52

María Montserrat Prado Cores na data 25/10/2021 10:17:57

Iria Carreira Pazos na data 25/10/2021 10:18:07



Á Mesa do Parlamento

Luís Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Pablo Arangüena Fernández, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O IES de Fene oferta ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, ciclos formativos de grao básico e medio e educación secundaria para persoas adultas. Trátase, polo tanto, dun centro educativo cunha ampla oferta e que, ademais, no caso das ensinanzas de formación profesional imparte unha oferta importante no contexto industrial do concello de Fene.

Ao anterior debe engadirse que segundo datos do Instituto Galego de Estatística deste ano, hai 659 habitantes con idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos, o que dá boa proba do dinamismo demográfico deste concello.

Este centro educativo, como tantos da Comunidade Autónoma de Galicia, atende a poboación rural o que supón a necesidade de contar co servizo de transporte escolar.

A anterior situación non xeraría problemas de ter mantido a Consellería de Cultura, Educación e Universidade as competencias completas sobre o transporte escolar, pero na actualidade, e con parte dese servizo baixo a competencia da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, dá lugar a situacións que comprometen o acceso a este servizo ao alumnado, o que supón a perda da asistencia ás clases de forma regular e garantida, o que compromete o proceso educativo do alumnado.

No caso deste centro hai cinco liñas de transporte escolar: tres delas, as correspondentes ás parroquias de Limodre, Maniños, Magalofes e Barallobre dependen da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e transportan alumnado da educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional e outras dúas que pertencen ás rutas do servizo regular de transporte de viaxeiros por estrada, que percorren os concellos de Narón, Neda e Fene logo de saír da estación de autobuses de Ferrol.

É nestas últimas liñas nas que se dá o problema frecuente de insuficiencia de prazas para o alumnado. E esta situación está a darse dende que en decembro do ano 2020 se fixo cargo destas liñas a UTE Hércules Norte.



Trátase dun problema do que viñamos advertindo dende hai meses e que ten a súa translación a este caso concreto, caso que debe ser resolto de xeito inmediato polo goberno da Xunta de Galicia porque, máis alá de competencias de consellerías concretas, é un problema da cidadanía en xeral e da poboación escolar do concello de Fene en particular.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia para resolver de xeito inmediato a insuficiencia de prazas no transporte escolar do alumnado do IES de Fene nas liñas que dependen das concesións realizadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, garantindo ademais o dereito ao transporte escolar gratuíto para o alumnado de bacharelato e formación profesional?

Pazo do Parlamento, 25 de outubro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/10/2021 12:00:21

Patricia Otero Rodríguez na data 25/10/2021 12:00:31

Pablo Arangüena Fernández na data 25/10/2021 12:00:42



A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Galicia asiste con preocupación ao desenvolvemento das negociacións que, no marco da Organización Mundial do Comercio (OMC) están a darse sobre medidas para a eliminación de subvencións á pesca ilegal, non declarada e non regulamentada (INDNR) e á prohibición de determinadas formas de subvencións á pesca que supostamente contribúen á sobrecapacidade e á sobrepesca.

O 11 de maio de 2021, o Presidente das negociacións sobre as subvencións á pesca, Embaixador Santiago Wills (Colombia), presentou un novo proxecto de texto destinado a chegar aos Membros a un acordo antes da reunión de Ministros do 15 de xullo.

Neste sentido, a tenor do artigo 5 do borrador presentado, consideraríase que contribúen á sobrecapacidade ou sobrepesca, por tanto estarían prohibidas, as subvencións “á compra ou a cubrir os custos de combustible, xeo ou cebos”.

Galicia rexeita a eliminación xeneralizada do combustible bonificado para a frota pesqueira que propón este borrador da OMC, debido a que pon en risco a sustentabilidade e o futuro do sector pesqueiro galego. Entendemos que se trata dunha medida cando menos inxusta, xa que cargaría de novo un esforzo sobre a frota da UE e da galega, que están demostrando practicar unha pesca responsable e sustentable en todos os mares nos que desenvolve a súa actividade sobre un equilibrio dos termos ambientais, sociais e económicos e cun alto estándar de aplicación de requisitos nestes terreos, tal e como lle establece a normativa europea, a máis esixente en materia de sustentabilidade a nivel global.

Desde o convencemento de que poden adoptarse outras medidas para mellorar a eficiencia enerxética e atallar a sobrepesca, a sobrecapacidade e as prácticas irresponsables de determinadas frots sen prexudicar a aquelas que actúan de forma responsable, Galicia está a promover outras accións para a mellora da eficiencia enerxética e a descarbonización do sector, tales como a inclusión do sector marítimo pesqueiro na vía do uso do hidróxeno.



Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno

Ten previsto o Goberno galego dirixirse ao Goberno de España para demandar diante da UE e da OMC unha defensa pechada para frear a proposta de prohibir as subvencións á compra ou a cubrir os custos de combustible, para a defensa da igualdade global da actividade marítimo-pesqueira e da competitividade e sustentabilidade da nosa frota?.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 25/10/2021 12:53:28

José Manuel Balseiro Orol na data 25/10/2021 12:53:40

Freire Vázquez, María Begoña na data 25/10/2021 12:53:56

Ana Belén García Vidal na data 25/10/2021 12:54:06

Manuel Santos Costa na data 25/10/2021 12:54:21

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/10/2021 12:54:31

Daniel Vega Pérez na data 25/10/2021 12:54:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





BLOQUE
NACIONALISTA
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lu-611 é unha estrada da Xunta que discorre dende Rubián ata a vila de Taboada seguindo o decorrer do antigo camiño real. É unha vía importante de comunicación entre a comarca da Ulloa coa chaira do Val de Lemos e tamén coa comarca de Sarria.

O estado do firme é calamitoso polo menos no tramo que vai dende Rubián no Concello de Bóveda ata Currelos no Concello do Saviñao, o que na práctica supón que haxa localidades que queden incomunicadas entre si e coas zonas mencionadas.

Dende o goberno da Xunta prometeuse o amaño desta vía en numerosas ocasións sen que o resultado se poida observar como óptimo en ningún caso. Dende o 2007 son recorrentes as promesas que se remontan ao 2001.

No seu momento fóronse amañando menos de 20 km que separan Taboada de Currelos, estando o resto nun estado que se podería cualificar como intransitable e que de feito deixa illadas diversas localidades do interior de Bóveda e O Saviñao, como pode ser Rebordondiego ou outras.

É hora 22 anos despois das primeiras promesas que a poboación da zona conte cunha vía de comunicación en condicións, sendo imposible fixar poboación nos pobos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

afectados, precisamente polo illamento que supón non poder saír deles cun firme en boas condicións, xa non digamos unha hipotética mellora do trazado.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pensa o goberno da Xunta amañar por fin o firme da Lu-611 que une Rubián con Taboada e que neste momento se atopa practicamente intransitable?

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 26/10/2021 16:48:50

Xosé Luis Bará Torres na data 26/10/2021 16:48:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación do servizo de Cirurxía Pediátrica no CHUS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de máis dunha década de recortes de dereitos e recursos na sanidade pública, as consecuencias son máis que notorias. Exemplo disto é o que está a acontecer no servizo de Cirurxía Pediátrica do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela.

Este servizo presta asistencia ás pacientes pediátricas tanto da propia área sanitaria de Santiago e Barbanza, coma as da área de Pontevedra. Actualmente, conta con tan só cinco facultativas, tralo recente traslado dunha delas a outra área e pola renuncia doutra profesional motivada pola situación de precariedade. Destas cinco cirurxiás, tan só tres realizan gardas actualmente. Esta grave situación de falta de persoal ten, precisamente, unha consecuencia palpable na xornada extraordinaria, ao teren as profesionais quendas de garda cunha cadencia moi próxima que non permite o necesario descanso entre cada unha delas.

Estas profesionais están a día de hoxe soportando xornadas laborais excesivas, tanto para atender as operacións programadas coma as intervencións urxentes, que se agravan ao ter que prestar asistencia a intervencións con alto grado de complexidade que poden chegar a requirir a presenza de dúas cirurxiás.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas xornadas laborais maratonianas agrávanse durante os períodos vacacionais como foi o do verán, pois o servizo mantívose con unicamente dúas facultativas dispoñíbeis para realizar todas as gardas ao estar a terceira no seu período de descanso. Dada a circunstancia exposta anteriormente, na que se poden chegar a requirir dúas especialistas durante algunhas intervencións, pode chegarse á situación na que non existe ningún descanso para estas traballadoras por enlazar gardas de xeito consecutivo.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Dada a situación, cales son as medidas previstas polo goberno galego para solucionar a escaseza de persoal que padece o servizo de Cirurxía Pediátrica do CHUS?

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2021

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 26/10/2021 17:10:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 26/10/2021 17:10:23

Olalla Rodil Fernández na data 26/10/2021 17:10:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Está a punto de rematarse a negociación da PAC, encontrándose xa pechadas as negociacións das CCAA e o MAPA a respecto do Primeiro Pilar e a punto de rematar as correspondentes ao Segundo Pilar.

Como vostedes saben é fundamental que cheguen estes fondos a Galiza e se distribúan ben, non sendo o diñeiro correspondente ao desenvolvemento rural unha cuestión menor que debería para darlle un auténtico pulo para crear un tecido socioeconómico e demográfico sólido.

Para isto é fundamental que o uso dos fondos europeos se faga na cantidade necesaria e co criterio correcto, xa que parece que o baleirado do rural non se detén e será probable chegar a non moito tardar a un nivel de non retorno e polo tanto a unha situación insalvável.

Nos últimos anos o feito de reducir o número de GDRs e amplialos fixo que se desdebuxaran as posibilidades de achegarse ás necesidades reais da poboación que remata facendo gastos para crear “servizos” de dubidosa utilidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outra cuestión de gran calado é a inversión que fai a Xunta de Galiza con respecto ao cofinanzamento ao que está obrigada por Europa que ata o de agora se situou no mínimo requirido, o que non denota o interese da Xunta polo mantemento dun rural vivo.

É imprescindible que dende a Consellería se dea un pulo real ao desenvolvemento rural como garantía para a pervivencia dos modelos produtivos, territoriais, paisaxísticos autóctonos. Para conseguir isto requírese dun plan serio de desenvolvemento rural para este novo período da PAC 23-27. Consideramos que este plano debe de contar con tres eixos básicos de intervención dende o punto de vista do desenvolvemento rural, o sector agroalimentar, os servizos básicos e a fixación de poboación e a diversificación económica. Trataremos o primeiro dos puntos.

Por todo o anteriormente exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno::

Vai a Xunta comprometer orzamentariamente o importe suficiente para superar a cantidade mínima exixida por Europa para cofinanciar cos fondos Feader as medidas necesarias para darlle pulo ao desenvolvemento rural no período da PAC 2023-2027 para o desenvolvemento agroalimentar?

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Maria González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 26/10/2021 17:48:25

María González Albert na data 26/10/2021 17:48:28

Xosé Luis Rivas Cruz na data 26/10/2021 17:48:37





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galiza para garantir que as interrupcións voluntarias do embarazo se levan a cabo na rede sanitaria pública galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 26 de outubro de 2021 o pleno do Parlamento de Galiza acordou por unanimidade a iniciativa presentada polo Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego na que se insta a Xunta de Galiza a adoptar as medidas necesarias para garantir que as mulleres do noso país poden exercer, con todas as garantías, o dereito ao aborto no sistema público de saúde.

Isto é, a dotar a sanidade pública galega dos recursos humanos e materiais necesarios para garantir que as interrupcións voluntarias do embarazo se levan a cabo en centros públicos con carácter preferente tal e como dispón a Lei orgánica 2/2010.

Cómpre lembrar que, de acordo cos últimos datos publicados polo Ministerio de Sanidade correspondentes a 2020, no noso país 7 de cada 10 IVEs leváronse a cabo en clínicas privadas.

Isto vén sendo así desde a aprobación da lei en 2010 e, de feito a porcentaxe de abortos na privada en Galiza foi maior hai anos chegando a situarse por riba do 90% (en 2014, por exemplo, o 92%).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta realidade supón un incumprimento da lexislación vixente e tamén unha vulneración dos dereitos das mulleres que se ven abocadas a acudir á sanidade privada para interromper un embarazo.

Entre as razóns que explican esta situación están as e os profesionais que invocan a obxección de conciencia para se negar a practicar un aborto mais tamén a falta de persoal e de recursos materiais na sanidade pública para levalos a cabo.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir que as interrupcións voluntarias do embarazo se levan a cabo na rede sanitaria pública galega e dar así cumprimento ao acordo parlamentario do 26 de outubro de 2021?

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Iria Carreira Pazos
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 27/10/2021 09:20:00

Iria Carreira Pazos na data 27/10/2021 09:20:03

María Montserrat Prado Cores na data 27/10/2021 09:20:10



Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a protección da propiedade colectiva das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común no dominio marítimo-terrestre.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (ORGACMMM) ten trasladado ao BNG a súa fonda preocupación pola situación que se está a xerar ante as actuacións levadas a cabo desde as Xerencias Territoriais do Catastro que atentan directamente aos intereses das comunidades de montes.

Así, as oficinas territoriais ou xerencias están a remitir comunicacións aos órganos directivos das comunidades de montes informando de que os terreos propiedade da comunidade, terras de monte veciñal en man común, situadas dentro da demarcación marítimo-terrestre pasan a considerarse de titularidade do Estado.

Aínda que nos escritos remitidos o Catastro concede un prazo de alegacións, as resolucións estanse a demostrar inamovíbeis, o que equivale a unha incautación ou expropiación encuberta destas terras de propiedade colectiva que funcionan en beneficio da comunidade.

Para a toma destas resolucións Catastro ampárase no artigo 9 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas que establece que non poderán existir terreos de propiedade





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

distinta da demanial do Estado en ningunha das pertenzas do dominio público marítimo-terrestre, nin aínda no suposto de terreos gañados ao mar ou desecados na súa ribeira.

En primeiro lugar cabe destacar que o artigo citado trata por igual a todo tipo de propiedades. Sen embargo, desde o BNG entendemos que no momento actual deberíase afrontar unha revisión do mesmo para permitiren que na zona de dominio público marítimo-terrestre, que como indica o seu nome debe ser de titularidade pública, poidan coexistir outras titularidades que respecten ese carácter demanial e non privado.

Así, propónse a posibilidade de permitiren a titularidade municipal ou autonómica, non só a estatal como se reclama en moitos concellos costeiros, máis tamén, neste caso, a titularidade colectiva ou veciñal, en beneficio da comunidade que, aínda que tratada como privada habitualmente, ten características diferentes.

Non é en ningún caso axeitada a equiparación dos montes veciñais en man común a bens de titularidade privada pois a súa natureza é colectiva tal e como recoñece o artigo 3 da vixente Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Polo tanto, e recollendo as reclamacións da ORGACCMM, entendemos que non deberían ter encaixe legal nas detencións privadas, senón seren considerados como propiedades colectivas como corresponde á súa natureza e réxime xurídico.

En ningún momento o mantemento da titularidade pública ou colectiva afectaría á obriga de respectar os límites que a Lei de Costas establece neste momento ao respecto das actividades a desenvolver na zona de dominio público marítimo e das preceptivas autorizacións da Demarcación de Costas.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É importante neste sentido lembrar que a normativa de costas actual xa permite manter os dereitos de uso e aproveitamento, polo que sería perfectamente posíbel manter este aspecto mais respectando a titularidade das comunidades de montes.

En segundo lugar temos de lembrar que a pesares de que a previsión do artigo 9 foi publicada en 1988, tras a aprobación a Lei de Montes Veciñais en Man Común procedeuse a inscribir e rexistrar propiedades a nome desas mancomunidades incluíndo os terreos afectados pola zona de dominio público marítimo-terrestre, probándose así a compatibilidade de manter a titularidade e o respecto da normativa que impón restrinxir os usos nesas zonas afectadas.

Tamén pode alegarse a favor da reforma legislativa que permita conciliar ambas titularidades que a necesaria protección que se dá a outros bens público-demaniais como son as bacías fluviais ou humidais, por exemplo (que poderían ser equiparábeis) non impide a titularidade sobre eses terreos mais si que limita os seus usos.

Desde o BNG entendemos que é preciso revisar a lexislación vixente para que recolla de xeito clara a realidade: a existencia de montes veciñais en man común como unha forma colectiva de propiedade, non equiparábel á pública nin á privada, de marcado carácter xermánico.

A Xunta de Galiza non pode ficar alleo a este ataque por parte de Catastro a unha forma de propiedade propia de Galiza xa que ten unha responsabilidade na defensa deste modelo de propiedade comunitaria que ten unha importancia capital no noso país no que ocupan aproximadamente unha cuarta parte do territorio: máis de 700.000 hectáreas xestionadas por 2.800 comunidades de montes. Un volume que proba que estas comunidades son un sinal de identidade e da cultura galegas, ademais dun motor económico e produtivo decisivo. Este tipo característico e diferenciado de copropiedade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

colectiva, cuxas características se teñen mantido e teñen evolucionado en Galiza desde tempos inmemoriais, ha de ser preservado, mantido e protexido.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións ten iniciado a Xunta de Galiza para asesorar e guiar ás Comunidades de Montes en Man Común situadas en dominio marítimo-terrestre afectadas polas notificacións de Catastro?

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 27/10/2021 09:38:00

María del Carmen Aira Díaz na data 27/10/2021 09:38:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 27/10/2021 09:38:11



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Luís Manuel Álvarez Martínez, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Hai máis de quince anos a Xunta de Galicia pechou a Escola Balinfra, que estaba situada na parroquia de Camos no Concello de Nigrán.

O edificio foi construído hai máis dun século para fogar dos profesores e consta dunha construción 339 metros cadrados divididos en dúas vivendas encostadas. Cada unha destas dúas casas ten 80 metros cadrados de planta, dúas plantas e un xardín, nunha parcela de 2.789 metros cadrados. Así mesmo, a escola infantil á que estaba vinculada xa non cumpre esta función e por este motivo o anterior goberno socialista solicitara en 2010 á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a desafectación do seu uso docente, concedéndose o 15 de marzo de 2015 e permitindo así ás escolas servir para albergar a asociación cultural VaiMillor ou ao grupo de pandereteiras da Asociación Cultural A Camoesa.

O concello solicitou a reversión dos edificios e conseguiu facerse coas aulas, que agora albergan actividades veciñais e culturais, e unha das dúas casas do complexo, que foi reformada cun dobre obxectivo: albergar os programas de respiro familiar do centro de atención á diversidade funcional Juan María e poder trasladar en caso de emerxencia a veciños que ocasionalmente quedan sen fogar.

O Goberno municipal de Nigrán solicitou que a única vivenda pública que queda neste concello da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, reservada para vivenda de profesores, sexa cedida a Administración local para darlle un uso social, como todas as demais do municipio que no seu día foron fogar dos profesores das antigas unidades e que hoxe albergan todo tipo actividades veciñais, recreativas, culturais e incluso terapéuticas.

O Concello de Nigrán a día de hoxe está en condicións de documentar ante a Xunta de Galicia que a casa está sen uso porque o seu consumo eléctrico segue practicamente inalterado, as persianas baixadas, a finca está en estado de crecente abandono e o peche perimetral derrubado, o que contradí as reiteradas respostas da Administración autonómica afirmando que está ocupada.



O Goberno municipal tomou a iniciativa de acreditarlo documentalmente desde novembro de 2020 á actualidade para tratar de desbloquear esta situación que prexudica ao municipio e indigna á veciñanza.

O pasado mes de marzo o Concello de Nigrán reclamou oficialmente á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a desafectación da casa dos mestres da escola unitaria de Camos.

Entendemos que se dan as previsións establecidas no artigo 6 do Decreto 250/1988, do 21 de xullo, polo que se regula o dereito a casa-habitación destinada a profesores de Educación Xeral Básica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a petición dos Concellos, poderá declarar a desafectación das vivendas cando estas non sexan necesarias para o que foron afectadas e sempre que no dito edificio non funcione unidade ou unidades escolares e que de igual maneira poderán desafectarse aquelas vivendas que excedan do cadro de persoal dos mestres da localidade en función das necesidades de escolarización.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a proceder a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a desafectar, conforme á petición do Concello de Nigrán, a única vivenda dos mestres pendente, para que deste xeito a Administración municipal poda darlle un uso social?

Pazo do Parlamento, 27 de outubro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Luís Manuel Álvarez Martínez
Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 27/10/2021 15:33:16

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/10/2021 15:33:24

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Noa Susana Díaz Varela na data 27/10/2021 15:33:36

Noelia Otero Lago na data 27/10/2021 15:33:47



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Os orzamentos de Galicia para 2022 manteñen dentro das súas contas a dedicación do Sergas de máis de 700 mil euros para a contratación de 52 capeláns dentro do sistema sanitario público de Galicia. Esta situación, que se ven repetindo dende hai moito, resulta a todas luces insostible tanto dende un criterio político como, incluso, de forma laboral.

Politicamente resulta inasumible que o sistema público de saúde manteña no seu orzamento, e especialmente referidos dentro do cadro de persoal, 52 capeláns que xeran un gasto de 721.137,82€ entre salario (con pagas extra) e complementos, e ao que hai que engadir o custe social dos contratos. O sistema sanitario precisa de profesionais sanitarios, e especialmente cando existen aínda déficits en numerosas categorías. De maneira engadida, cando o orzamento para Atención Primaria descende, sube a aportación para os sacerdotes no Sergas, o que alimenta a incredulidade.

En termos laborais, durante o ano 2021 foi coñecida a reivindicación dalgúns destes sacerdotes de ser recoñecidos como persoal propio do Sergas. Esta situación permitiu aclarar vía xudicial que esta situación de pago a capeláns era unha “irregularidade” que contemplaban os orzamentos sanitarios, como sinalou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Lonxe de resolver esta situación, os orzamentos 2022 pretenden elevar incluso a aportación, mantendo a formulación “irregular” e facendo ouvidos xordos a toda advertencia. Cabe sinalar que a reclamación dos capeláns permitiu coñecer algunha realidade da súa labor, como que o fan “con bata branca” (como fan os e as profesionais do sistema sanitario) ou se benefician de vantaxes como o resto de profesionais (comedor, aparcamento, teléfono, acceso á rede interna de información, etc.). Seguen se coñecerse as condicións e criterios de contratación, a dispoñibilidade de espazos dentro dos propios centros sanitarios ou a súa labor dentro de ditos centros (protocolos de funcionamento, inserción nas xerarquías de acción, etc.).



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno de Galicia que é aceptable elevar a contía dedicada á contratación de sacerdotes no Sergas?

Pazo do Parlamento, 27 de outubro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/10/2021 15:38:01

Marina Ortega Otero na data 27/10/2021 15:38:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Pantón, ó sul da provincia de Lugo, conta con 2.500 habitantes distribuídos en 26 parroquias e 297 entidades de poboación en 147 km². Contaba cun centro de saúde con 4 facultativos e por distintas causas está en risco de quedar con 2, como proba que haxa unha médica sen cubrir dende xullo e outro a punto de xubilarse.

Unha poboación dispersa cunha elevada media de idade moi alta xa que case o 60% dos seus habitantes pasan dos 65 anos, é por tanto un concello extremadamente avellentado. Este feito supón que inevitablemente precisarán facerse moitas visitas domiciliarias calculando un mínimo de 30 minutos por cada unha, o que suporía deixar ao centro de saúde cun facultativo só para facer o traballo ordinario e atender calquera emerxencia que se de no propio centro, porque se esta se dera fóra non podería atendela sen abandonar o centro.

Suporía a maiores a merma da calidade asistencial, sendo imposible implantar os distintos programas de atención programada a pacientes crónicos, ou outros, quedando a asistencia sanitaria neste centro para a atención a demanda exclusivamente.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Todo isto únese ao que se escoita constantemente sobre a atención primaria, na que non hai dúbida de que se vai instaurando un constante deterioro por falta de substitucións das ausencias do persoal facultativo e por outra banda o discurso da consellería sobre a imposibilidade de conseguir fixar profesionais na atención primaria sen que se tome ningunha outra medida.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta cubrir as prazas de persoal facultativo do Centro de Saúde de Pantón?

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 28/10/2021 09:57:24





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 28/10/2021 09:57:28

María Montserrat Prado Cores na data 28/10/2021 09:57:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Carme González Iglesias, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as previsións da Xunta para o desenvolvemento da vivenda protexida de Navia en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Medio Ambiente, promotora a través do IGVS, prevé o desenvolvemento de novas fases do Plan Parcial de San Paio de Navia, que vai supor unha urbanización dunha superficie de máis de 250.000 m², e a construción de 1.598 vivendas de protección oficial, que darán cabida a unhas 4.000 persoas.

Segundo o anuncio feito pola mesma Consellería, os proxectos de urbanización estarán divididos en tres fases e unha vez adquiridos os terreos procederase á licitación da primeira fase. Para esta primeira fase a Xunta de Galiza prevé a construción de 78 vivendas unifamiliares e 655 vivendas colectivas, que alcanzarán as 165 vivendas unifamiliares e 1.433 vivendas colectivas unha vez terminadas a segunda e terceira fase.

Segundo o Rexistro de Demandantes de Vivenda en Vigo hai 5.674 persoas inscritas. A presión da demanda de vivenda pública é variable segundo a sección e o réxime de vivenda protexida e repártese da seguinte forma:

-4.265 solicitudes de Vivenda de Protección Oficial de Promoción Pública.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-456 solicitudes de Vivenda de Promoción Pública de Núcleos Rurais e Cascos históricos.

-206 solicitudes de Vivenda de Promoción Privada de Réxime Especial.

-370 solicitudes de Vivenda de Promoción Privada de Réxime Xeral.

-378 solicitudes de Vivenda de Promoción Privada de Réxime Concertado.

Por tanto, o 75% da demanda de vivenda protexida en Vigo concéntrase sobre a Vivenda de Protección Oficial de Promoción Pública fronte a un 16% de demanda para o conxunto de Réximes de Vivendas de Promoción Privada.

Esta asimetría entre a demanda de VPP e VPA non é nova nin excepcional, senón que é unha radiografía estable da demanda de vivenda protexida en Galiza. Tal é así, que o IGVS, a través do Pacto da Vivenda de Galicia 2021-2025, vén de recoñecer a forte demanda que existe na modalidade de Vivenda Protección de Promoción Pública. Ademais, nese mesmo documento, o IGVS apunta algunhas solucións ao respecto: primeiro, a necesidade de programas específicos para que as necesidades deste sector da poboación queden cubertas dunha forma permanente e definitiva e, segundo, que un dos programa prioritarios debe de centrarse no incremento do parque de vivendas protexidas de promoción pública e, dun xeito moi especial, nas destinadas ao alugamento. Por tanto, cabería esperar que a futura vivenda protexida de Navia siga as recomendacións do novo plan e faga unha aposta maioritaria pola promoción de VPP.

Así mesmo, na Lei 8/2012, de 29 de xuño, da vivenda de Galicia, no seu artigo 73, sinala que o Rexistro de Demandantes de Vivenda ten como finalidade facilitar a xestión e coordinación das políticas públicas de vivenda e do solo para a vivenda protexida. Por tanto, entendemos que a Xunta de Galiza deba empregar os datos do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rexistro Único de Demandantes de Vivenda para planificar a futura vivenda protexida e formular unha distribución acorde á demanda.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza desenvolver a futura vivenda protexida de Navia de forma maioritaria mediante vivenda de promoción pública en alugueiro?

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Carme González Iglesias

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 28/10/2021 10:04:13

Alexandra Fernández Gómez na data 28/10/2021 10:04:17



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para o seu debate en Pleno**.

Tras a pandemia derivada da Covid-19 as deficiencias nas residencias fixéronse transparentes en gran medida para o resto da sociedade. Dende o Grupo Socialista fixéronse numerosas propostas, antes e durante a pandemia, e seguiremos a traballar nun asunto que ten que ser central nas políticas sociais en Galicia.

Por todo elo, solicitamos ao Goberno galego, en numerosas propostas, que incrementaran significativamente o número de técnicos de inspección de política social para blindar a supervisión, así como a necesidade de blindar as condicións laborais do sector, tendo en conta non só a necesidade de mellora nas condicións salariais e normativas, senón tamén as funcións competenciais das traballadoras e a necesidade de garantir a rateo establecida por norma.

Fai uns días o comité de empresa de Política Social denunciaba na Coruña supostas irregularidades no ámbito competencial das traballadoras. En concreto, denuncian que ás auxiliares de enfermaría das residencias obrígaselles a facer funcións propias de enfermaría. De ser así, confirmaríase numerosas denuncias que o propio sector de traballadoras do ámbito das residencias leva denunciando durante anos.

Consideramos urxente que o Goberno galego a través da Consellería de Política Social, informe sobre o acontecido con ditas traballadoras. Xa que, de ser así, habería responsabilidades que dirimir.

En concreto o comunicado fai referencia ás residencias de Caranza-Ferrol e de Oleiros, onde segundo as traballadoras do sector, se lles está a obrigar ás auxiliares de enfermaría a exercer funcións para as que é obrigatorio ter a titulación en enfermaría. En concreto fan referencia ás funcións de preparación de medicamentos.



Unha cuestión tan relevante para a boa seguridade e coidados das persoas maiores, tendo en conta que Galicia e unha das CCAA que maior número de prazas residenciais privadas e menor número de técnicos de inspeccións para supervisalas ten, é urxente que a Xunta de Galicia de conta da situación neste ámbito.

Neste contexto, e tal como solicitamos en numerosas ocasións dende o Grupo socialista, é urxente tratar as liñas concretas do novo modelo de coidados que demanda con urxencia á propia sociedade galega, tendo en conta que é unha das CCAA con maior porcentaxe de envellecemento.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

Coñece a Consellería de Política Social o comunicado do comité de empresa de política social no que se afirma que existe un exercicio de traballo carente das competencias que se requiren?

Pazo do Parlamento, 27 de outubro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela Marina Ortega Otero
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 27/10/2021 17:54:45

Julio Torrado Quintela na data 27/10/2021 17:55:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Noa Presas Bergantiños e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a reclamación de REGANOSA contra o Concello de Mugardos polo pago do IAE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O alcalde do Concello de Mugardos ven de facer público que a empresa REGANOSA presentou unha reclamación xudicial contra o Concello, demandando o que a empresa considera pagos indebidos en concepto do tributo IAE.

O propio alcalde manifesta tamén publicamente a súa preocupación polo montante da reclamación, próxima aos 6 millóns de euros, así como pola paralización de certos investimentos e colaboracións económicas da empresa que viñan sendo habituais no concello.

Salienta a difícil situación económica na que se atoparía o Concello de Mugardos de ter éxito esta reclamación, xa que a cantidade reclamada equivale ao orzamento anual do Concello. E salienta tamén a parálise de eses investimentos e colaboracións, como medida de presión para conseguir do Concello o pago das cantidades reclamadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero unha das cuestións que máis chama a atención, que máis preocupación e indignación ten provocado no Concello de Mugardos é a ameaza de tributar a partir de agora en Madrid.

Nin que dicir ten que esta indignación trae causa en dous feitos públicos e notorios, primeiro, o feito de ter a empresa a súa sede e o centro principal de actividades no Concello de Mugardos, e o segundo, o feito de ter a Xunta de Galiza unha porcentaxe importante do capital social da empresa.

É dicir, os veciños e veciñas do Concello de Mugardos, e de toda a contorna da ría, non so conviven cos riscos asociados á realización da actividade propia da gaseira, senón que ademais son co-partícipes, a través da Xunta, do capital da empresa, e non chegan a comprender, como trasladan a través dos representantes de todos os grupos políticos do Concello, como podería a Xunta de Galiza permitir que a empresa en cuestión poña en risco as contas e o financiamento municipais.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que vai facer a Xunta de Galiza para evitar as reclamacións de REGANOSA contra o Concello de Mugardos?

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**
Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/10/2021 16:19:06

Noa Presas Bergantiños na data 28/10/2021 16:19:09

Daniel Pérez López na data 28/10/2021 16:19:19



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia solicitan a esa Mesa a seguinte corrección de erros nos documentos con número de rexistro **23909, 23910 e 23912.**

Corrección de erros

Na parte onde se formulan as preguntas, na primeira pregunta onde di: “...para o ano 2021 unha partida orzamentaria...”; debe dicir: “...para o ano 2022 unha partida orzamentaria...”.

Pazo do Parlamento, 27 de outubro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noelia Otero Lago
Martín Seco García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 27/10/2021 12:23:25

Noelia Otero Lago na data 27/10/2021 12:23:32

Martín Seco García na data 27/10/2021 12:23:45



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral urxente en Pleno**.

Xustificación da urxencia: Derivada da necesidade inmediata da cobertura de 15.000 postos de traballo en Galicia en diferentes sectores profesionais tales como a construción o siderometal e o transporte que requiren dende o Goberno galego que se tomen medidas o respecto.

Galicia ten na actualidade 126.700 parados e paradas segundo os últimos datos da EPA, e sen embargo leva meses sufrindo escaseza de man de obra, que fai que haxa, cando menos, 15.000 vacantes sen cubrir, segundo estimacións das distintas asociacións empresariais afectadas .

O sector da construción é un dos mais afectados entre este desfase entre oferta e demanda, concretamente hai escaseza persoal cualificado para as categorías de encofradores, fontaneiros, electricistas ... A patronal do sector da Coruña (Apecco) estima entre 4.500 e 8.000 son os novos traballadores que necesita incorporar Galicia para cubrir os postos deixados vacantes por xubilacións e ademais para os postos que se van a xerar para o vindeiro ano cos proxectos financiados polos fondos de recuperación Next Generation .

Tampouco o sector do transporte se libra deste déficit, dado que actualmente hai uns 30.000 condutores en activo e estiman que fan falta 2.000 traballadores mais, segundo manifestacións da Asociación Empresarial de Transporte de Mercancías por Carretera (APETAMCOR) .

Nesta mesma liña a Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías asociadas de Galicia (ASIME) recoñecen que o mercado laboral galego precisa de traballadores e traballadoras para as categorías profesionais de soldadores, delineantes, enxeñeiros etc, e cifran en 800 os postos que necesitan cubrir de forma inmediata e dos 2.000 traballadores e traballadoras máis que precisan incorporarse os cadros de persoal para garantir as entregas contratadas ata 2023.



Por outra banda, os empresarios de hostalaría xa advertían o pasado verán que non atopaban camareiros, problema que se converte nunha ameaza para a campaña de nadal. Se ben, e de facer constar que neste sector o emprego ostenta unha alta taxa de inestabilidade .

O Grupo Parlamentario Socialista, a través de diversas iniciativas, incidiu de forma reiterada na necesidade de fortalecer o servizo público de Galicia, cunha mellor dotación de medios humanos e materiais, co fin de que se converta no punto de apoio ás empresas para solicitar empregados aptos as súas necesidades de contratación, ca realización de itinerarios personalizados para o demandante de emprego que o vincule a unha formación adecuada as necesidades das ofertas existentes e ademais da necesidade de que se recuperaran os pactos territoriais de emprego como mecanismo, entre outros, de coñecemento das necesidades do mercado laboral.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta;

Que valoración fai o Goberno galego de que a pesar do número de desempregados que ten a nosa comunidade teñamos 15.000 postos de traballo sen cubrir, segundo indican as asociacións empresariais?

Pazo do Parlamento 30 de outubro de 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/10/2021 10:05:07

Marina Ortega Otero na data 30/10/2021 10:05:21

Julio Torrado Quintela na data 30/10/2021 10:05:35





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, relativa á nulidade do ERE na factoría de Alcoa en San Cibrao decretada polo Tribunal Supremo.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada despois de coñecer que o Tribunal Supremo decretara a nulidade do ERE na factoría de Alcoa en San Cibrao, e pola necesidade de coñecer a posición da Xunta de Galiza a este respecto.

Exposición de motivos

Ano e medio despois da comunicación do ERE na factoría de Alcoa en San Cibrao, vimos como os tribunais declaraban nulo xa en dúas ocasións os Expedientes de Regulación de Emprego que a empresa puxera enriba da mesa. No caso do segundo ERE, era o Tribunal Supremo quen declaraba a súa nulidade. Pola contra, e pese a que a vía xurídica deixou ben claro que os e as traballadoras, sindicatos e comité de empresa tiñan razón, segue quedando o máis importante que é a solución política deste conflito, é dicir, a única solución posible.

Ante este novo contexto faise vital que o goberno central cumpra cos acordos acadados democraticamente na totalidade das administracións públicas facendo que a SEPI interveña temporalmente a factoría. Mais, de igual maneira, é necesario que a





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xunta de Galiza teña un papel activo neste proceso e participe del. Para iso, a participación pública do goberno galego na factoría da Mariña colle especial relevancia, ao asegurar así que ante unha situación semellante no futuro, se conte cos mecanismos necesarios para que os postos de traballo e a produción non estean en perigo.

Por todas estas razóns, e ante o novo escenario que se abre despois da nulidade do ERE decretada polo Tribunal Supremo, é necesario que a Xunta de Galiza informe no Parlamento galego sobre as medidas que ten previsto adoptar.

En consecuencia, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Cal vai é a folla de ruta que vai seguir a Xunta de Galiza para salvagardar os postos de traballo da factoría de Alcoa en San Cibrao?

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 30/10/2021 10:55:39





Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Míguez, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia.

Sr. presidente, como pensa o Goberno galego orientar os fondos Next Generation para mellorar os servizos públicos, modernizar a economía e xerar emprego?

Pazo do Parlamento, 30 de outubro de 2021

Asdo.: **Gonzalo Caballero Míguez**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 30/10/2021 12:22:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Que ten previsto facer a Xunta de Galiza ante a escalada de prezos que impacta de cheo nas familias e tamén nos sectores produtivos?

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2021


Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 30/10/2021 12:28:34





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

